

sarria

A CIG pide ao Goberno local que aproben a RPT da residencia de maiores. **Pax. 3**

láncara

O Concello presentou o programa de actividades para o verán. **Pax. 14**

o incio

A ANPA do CEIP Ricardo Gasset vai seguir manifestándose en defensa do ensino. **Pax. 16**

o páramo

Avánzase no proxecto de construción do centro de maiores no Concello. **Pax. 18**

samos

O Goberno local abre a oficina de información turística na Capela do Ciprés. **Pax. 18**

Malestar polo matadoiro

Os grupos municipais de Sarria amosan a súa preocupación polo posible peche do matadoiro e a súa situación económica



A proposta festivaleira estival do 2023

O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia. **Pax. 12**

Feira de Artesanía de Samos

José Fernández é presidente da Asociación de Comerciantes e Artesáns. **Pax. 19**

Ribela Love&Nature



Os vindeiros 18 e 19 de agosto celébrase a segunda edición do Festival. **Pax. 8**

Festa da Malla



Volve a popular festa organizada por Val de Láncara o día 13 de agosto. **Pax. 14**

Nova asociación



Creada a Asociación de Propietarios Ribeira de Sucasro-Paradela. **Pax. 17**

Ferramentas tecnolóxicas gratuítas

A Deputación proporcionará a 52 concellos medios para a súa modernización. **Pax. 21**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsll.com

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

TRITURADORAS SERRAT GAMA AGRÍCOLA, FORESTAL, SUELO, CABEZALES, ESPACIOS VERDES, BIOMASA

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

SARRIA

O director da Banda de Música será o pregoeiro da Noite Meiga



Jose Antonio González, director da Banda de Música de Sarria, foi elixido como o encargado de dar o pregón na Noite Meiga de Sarria organizada pola Asociación Meigas e Trasgos.

O director cumpre este ano 30 anos desde que asumiu o labor de dirixir á Banda de Música de Sarria, na que sempre respectou as obras de autores galegos e a música galega en xeral, que inclúe no seu repertorio.

Por todo isto, é a persoa elixida por Meigas e Trasgos para dar o pregón da LI edición da Noite Meiga durante os días 25, 26 e 27 de agosto, nos que haberá diferentes actividades relacionadas co lume, coa música, co baile e coa cultura galega transmitida a través da asociación.

PROGRAMA. Desde a Asociación dan unhas pinceladas do que será o programa, aínda que quedan cousas por confirmar, que comezará o 25 de agosto cunha andaina con fochas, que sairán

desde o malecón e chegarán ao Parque do Chanto coa novidade de que este ano os nenos tamén poderán levar focha. Despois da andaina e o pasarrúas, rematará o día coa actuación do grupo Luar na Lubre.

Xa o día 26, a previsión é que haxa un pasarrúas pola tarde, que sairá desde o Cruce Catro Camiños e que chegará ata o Parque do Chanto para dar lugar, ao final da tarde, ao pregón e as actuacións de todos os grupos que conforman Meigas e Trasgos. Despois, terá lugar a cea de Meigas e Trasgos e, despois dela, a Danza da Noite Meiga, que rematará coa actuación do grupo musical Louband.

Por último, o domingo 27 comezará xa ao mediodía coa celebración do Día da Empanada, que virá acompañada dunha comida pública e a sesión vermú. Por último, durante a tarde terá lugar a Tardiña Meiga, na que os máis pequenos poderán desfrutar de actuacións específicas para eles.

O posible peche do matadoiro municipal xera malestar na vila

Os populares de Sarria mostraron a súa preocupación polas manifestacións formuladas por parte da responsable do servizo do matadoiro municipal, Geni Valcárcel, e o rexedor, Claudio Garrido nas reunións mantidas con usuarios das instalacións do matadoiro, así como cos traballadores do mesmo, así como o fixo o portavoz do BNG, Efrén Castro.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria solicitará a Claudio Garrido unha reunión urxente para que dea explicacións á corporación sobre a situación económica do Servizo de Matadoiro Comarcal do que é titular o Concello de Sarria: "Facémonos eco da gran preocupación que nos traslada o sector gandeiro e agroalimentario de Sarria tras levarse a cabo varias reunións cos traballadores municipais e co sector agrogandeiro de Sarria", sostiveron.

Segundo distintos asistentes á reunión, explica Carmen López, está a trasladarse polo alcalde unha situación de "ruína" do servizo, "información que se ocultou, tanto polo alcalde, como polo seu grupo político ata pasar as eleccións", critica. "Queremos lembrar que por parte do Grupo Municipal do Partido Popular fíxose referencia xa en distintas ocasións, a última delas no propio pleno de organización, á complicada situación económica do Concello, así como á de varios servizos municipais, aínda que esta realidade veuse negando por parte do Goberno local, o que constitúe unha mostra máis do escurantismo



e a ausencia de transparencia co que xestionan o Concello", denuncian os populares.

Conscientes da importante función deste servizo nun municipio, no que o sector primario e a industria agroalimentaria teñen un peso moi importante para a economía local, o Grupo Municipal do Partido Popular instará o rexedor para que convoque unha reunión explicativa aos portavoces dos distintos grupos municipais ou ben un pleno extraordinario, facilite toda a documentación relativa á situación económica do servizo e traslade os plans de futuro respecto do servizo e as medidas que prevé adoptar para paliar a mala xestión do mesmo e evitar o peche ou recorte de servizos, "un peche ou recorte de servizos absolutamente inaceptable" desde a perspectiva do Grupo Popular.

BNG. O BNG de Sarria amosou a súa preocupación ante o anuncio de peche do matadoiro municipal por parte do goberno local e, concretamente, do alcalde Claudio Garrido.

O partido político, despois de coñecer que o alcalde estaba a ter reunións con traballadores e con usuarios do matadoiro para anunciarlles a súa intención de pechalo por "falta de rendibilidade", sostivo que "nunha comarca gandeira como é a de Sarria, a perda deste servizo suporá un gran trastorno para o sector gandeiro en crise como o da carne". Desta maneira, o portavoz nacionalista, Efrén Castro, declarou que "non podemos aceptar que a falta de capacidade do goberno municipal para modernizar e facer rendible o matadoiro aboque no anuncio de futuro peche do matadoiro, xa que será a perda dun servizo moi importante para moitos veciños da comarca de Sarria.

Ademais, engadiu que "dende o BNG faremos todo o posible para evitar o peche dun servizo municipal básico nunha comarca gandeira como é a nosa". E sostivo finalmente que "parece que a receita para cadrar as contas que ten o señor Garrido é o peche de servizos públicos, mal empeza este mandato".

CARNICERÍA
Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

Dani DaOrtiz estará no Festival Internacional de Maxia Vila

Roberto Lolo, organizador do XVIII Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria de agosto, anuncia que o último artista, o número 20, desta edición será Dani DaOrtiz, “o máis grande cartomago do mundo”.

A iniciativa, que terá lugar entre os días 17 e 20 de agosto, contará con este mago porque tiña que estar “si ou si” no aniversario da maioría de idade do festival porque “axudou a crecer o festival”.

Roberto Lolo defende que é de quen máis aprendeu de maxia e que é “un amigo, un mestre e un compañeiro que ten sempre os mellores consellos”.

En definitiva, Lolo agradeceu a cada un dos artistas que estiveron en Sarria nas 17 edicións anteriores, xa que “son parte fundamental do crecemento do evento” e sostivo que lle gustaría que estiveron moitos deles aquí, “pero non caben todos nunha edición” polo que lles agradece ter estado.



de Salón con varios magos e a gran gala de maxia familiar en La Unión será unha hora máis tarde. Por último, ás 22.15 horas terá lugar, como o día anterior, a Gran Gala #Sarriaemaxia no Meigallo.

Pola súa parte, o sábado comezará o día coa actuación de varios magos na Praza de Santa Marina co show Maxia no Camiño. Xa pola tarde haberá un espectáculo para público infantil no Paseo do Malecón con Raúl Camgüey e logo, na Casa da Cultura, será a quenda da maxia de preto. Xa á noite, terá lugar a primeira gala de maxia en Galicia accesible en lingua de signos española e, por último, ás 00.15 horas haberá maxia nocturna para adultos.

O último día, o domingo 20 de agosto, volverá a maxia no camiño pola mañá e, como é tradición en Galicia, haberá unha sesión vermú con maxia de preto nas terrazas do Malecón. Xa á tarde, terá lugar a Gala Infantil #Todopolasonrisasdunno no Meigallo e o día rematará coa Gran Gala Final na Praza da vila presentada polo organizador Roberto Lolo e na que actuarán varios magos.

espectáculo de maxia de balón. Xa ás 21.15 horas actuará Mago Joel de Cuba e ás 22.45 horas terá lugar a gran gala inaugural. Por último, xa de madrugada será o show de Jose Rivera, “El hipnotista”.

O venres, 18 de agosto, o día comezará coa actuación do Mago Pollo, logo haberá un espectáculo conxunto de Maxia Infantil e xa pola tarde Dani DaOrtiz dará unha conferencia para magos. Despois, volverá a maxia infantil da man do Mago Iago e Edu el Mago, a partir das 19.15 horas terá lugar a Maxia Familiar

A CIG pide ao Goberno local que aproben a RPT da residencia de maiores

A Confederación Intersindical Galega (CIG) solicita ao goberno do Concello de Sarria así como aos demais partidos políticos municipais que se axilicen os trámites para aprobar a Relación de Postos de Traballo (RPT) da Residencia Nosa Señora do Carme de Sarria para “que se poidan afrontar as modificacións aprobadas”.

Así, desde o sindicato defenden que no mes de maio foi aprobada na mesa xeral de negociación a proposta de RPT para a residencia, “unha proposta que supón un avance na organización do traballo e unha mellora das condicións laborais e económicas do persoal da residencia”.

Constituído o novo goberno xa hai un mes, desde a CIG entenden que “debe axilizarse ao máximo os trámites para proceder á aprobación da RPT da residencia e que os



grupos políticos a aproben en pleno porque deben valorar a importancia do acordo unánime logrado na mesa xeral de negociación”.

Por último, esperan que a aprobación da RPT “supoña un cambio dentro da organización e relacións laborais na residencia que permitan unha mellora considerable na calidade do servizo e que permita acabar coa conflictividade constante que sobre este organismo houbo nos últimos anos”.



COOPERACIÓN. Sarria foi o lugar de celebración da III Xornada Internacional de Cooperación Policial Xacobeá, na que subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou o compromiso do Goberno co Camiño de Santiago con plans de seguridade e melloras nas rutas xacobeas. A subdelegada puxo en valor o traballo que desenvolven as distintas Forzas e Corpos de Seguridade para garantir un Camiño seguro, “unha das nosas experiencias turísticas máis internacionais”.



TUS AUDÍFONOS SIEMENS RECARGABLES

Hasta un **15%** de descuento en Julio y Agosto



Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

C/ Matías López, 63-bajo
27600 - SARRIA (Lugo)
Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976
audiosarria@gmail.com

Diana Rodeiro pintou un mural no CEIP Antonio Fernández



O CEIP Antonio Fernández López de Oural, do Concello de Sarria, conta cun dos dezaioito murais en homenaxe a Rosalía de Castro en centros educativos que promove a Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Por esta razón, o vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, e a deputada de Cultura, Iria Castro, visitaron este centro educativo onde a muralista Diana Rodeiro 'Nana' realizou unha das intervencións artísticas homenaxe a Rosalía de Castro promovidas pola área

de Cultura.

Ademais, Sandra Lodi e Lara Torres tamén realizan obras en homenaxe a Rosalía de Castro en centros educativos das distintas comarcas, contribuíndo a popularizar a súa figura como referencia cultural e feminista. En total, ao longo do ano faranse 18 murais. As actuacións dan continuidade á iniciativa desenvolvida nos últimos tres anos pola área de Cultura, sumando máis de medio cento de intervencións artísticas de homenaxe a Rosalía.

Os grupos municipais critican a actitude "ditatorial" do alcalde

O PSOE e o PP de Sarria denuncian a actitude do alcalde do municipio, Claudio Garrido, ao convocar un pleno de urxencia con só 5 horas de antelación.

Así, o voceiro municipal do PSdeG en Sarria, Benjamín Escontrela, explicou que é unha "falta de respecto á oposición sabendo que varios concelleiros non poderían acudir". Ademais, cualificou a súa xestión de "caótica" e lamentou unha forma de gobernar "ditatorial e sen planificación de ningún tipo".

Pola súa parte, a voceira popular en Sarria, Carmen José López, denunciou que, unha vez máis, "quedaron patentes as malas formas de Garrido á fronte do Concello de Sarria, unhas dotes máis dun ditador que dun alcalde democrata", ao convocar un pleno cunha antelación mínima "co único obxectivo de tentar tapar unha nova negligencia do seu equipo de goberno porque o único que que-

re é convalidar unha modificación do contrato do alumeadado público que tiña que ter levado a pleno hai 6 meses".

Esa mesma opinión comparte o voceiro socialista, que explica que "a urxencia non estaba xustificada en ningún caso, porque os expedientes dos que tratou o Pleno databan dos meses de maio e xuño, e os prazos para optar a esta axuda sabíanse 6 meses antes", expuxo Escontrela, polo que o rexedor convocou o Pleno tarde "con premeditación e aleivosía".

CONVOCATORIA. O asunto que motivou a convocatoria do pleno foi a necesidade de corrixir as partidas orzamentarias vinculadas a uns investimentos relacionados co alumeadado público do Concello e poder así xustificar unha subvención dependente do IDAE.

Porén, os socialistas e os populares denuncian que cinco concelleiros

non puideron acudir ao pleno, no que o rexedor pretendía modificar as partidas dos investimentos do alumeadado público "para non perder as axudas", tal e como defenden os socialistas, que o acusan de "improvisación e mala praxe". "Agora pretenden despachar o expediente engadindo un cadro de prezos asinado pola técnica municipal sen que se incorpore modificación algunha ou aclaración ao contido dos seus informes precedentes", explica o socialista.

Mentres, Carmen José López denuncia que "o alcalde expón a todos os veciños á perda dunha axuda de 3 millóns de euros para o contrato de alumeadado público xa que tenta cubrirse ás costas tras realizar á marxe da legalidade unha serie de modificacións nas condicións do contrato". "O único que quere é cubrir a súa mala praxe e as súas negligencias na xestión", denunciou.

A obra 'A lenda das meigas' poderase ver este mes de agosto

Os vindeiros 16 e 23 de agosto, ámbolos dous mércores, continuará a iniciativa 'Mércores Escénicos' promovida pola Concellaría de Acción Cultural do Concello de Sarria para o mes de agosto. Así, o 16 de agosto Pepe e Lucas representarán Unha obra por escribir, coa que finalizará o ciclo Ulteira Et Suseia ás 21.00 horas e na Casa da Cultura, e o mércores 23 de agosto a compañía Especialistas Hípica Celta mes-

turará técnicas de manipulación do lume, a maxia e o misterio no espectáculo A lenda das meigas ás 22.30 horas no Paseo do Malecón.

Neste ciclo, foi representada a obra de danza e circo contemporáneo Up2Down, da compañía trasPedante o 2 de agosto e o 9 a compañía APP Creacións representou cos seus títeres "A galiña dos ovos de ouro" ámbalas dúas no Paseo do Malecón.

Repartido o premio dos 1.000 euros da campaña 60x1.000 da ACES

A veciña sarriá, Carmen López, foi a gañadora da décima edición da campaña 60x1.000, na que participaron 31 establecementos da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Sarria.

Na campaña a agraciada tivo que gastar 1.000 euros nos establecementos de Sarria en menos dunha hora.

Acompañada da súa filla Lucía, Carmen gastou os 997,80 euros en case 50 minutos e sobraron-



lles 10 minutos do tempo máximo establecido para mercar grazas a coche antigo da Asociación

de coches antigos de Sarria que puxo á súa disposición a ACES.

Carmen mercou en 9 comercios, dos 31 participantes. En primeiro lugar dirixíronse a Complementos Vilamey, despois a Calzados Gayoso, despois a Xoiería Díaz, logo a Mercería Sarillo, máis tarde a Dimar Moda, logo a Cris Abad, e despois a Trece Tablas. Para continuar, foi ata Lar de Menchu e, para rematar, parou a Electronova.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

📍 Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

☎ 622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena
José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)

“O noso principal obxectivo é facer sentir ben aos clientes”

Juan Carlos Prieto, xerente de Mesón O Castro de Sarria

Desde cando levan en funcionamento?

Mesón O Castro leva funcionando case seis anos, xa que abrimos as portas do noso local o día 7 de decembro do 2017.

Como xorde o Mesón O Castro?

Por que se pon en marcha?

A miña prima e eu puxemos en marcha este proxecto debido a que ambos perdéramos os nosos respectivos traballos. Ademais, esta idea tamén xorde debido a que a nosa familia estivo vinculada sempre a este sector.

Había necesidade en Sarria dun sitio como este?

Baixo o meu punto de vista, si.

Que comidas ofrecen?

De martes a venres (só ao mediodía) ofrecemos un menú, o cal está elaborado no propio día e con produtos frescos e caseiros. Ademais, contamos cunha carta variada de martes a domingo.

Cal é o prato/produto máis pedido ou con maior aceptación?

Hai varios pratos que xeran sensacións entre os nosos clientes...

Pero se tiveramos que escoller algún, serían as troitas e o churrasco de tenreira.

E a sobremesa?

O flan de turrón.

As sobremesas son artesanais?

Contamos con sobremesas artesanais e outros elaborados por unha empresa. No noso mesón elaboramos o mencionado flan de turrón e o de café.

Fan reservas para grupos? E envíos ás casas?

Facemos todo tipo de reservas, xa que intentamos adaptarnos sempre aos nosos clientes. En canto os envíos a domicilio, aínda non se están efectuando debido a que a empresa responsable deste servizo non comezou a traballar. Cómpre destacar que sempre que os nosos clientes o desexen poden acudir a recoller a súa comida e levala.

Teñen moita afluencia de xente?

Ao igual que en todos os negocios, depende un pouco do día... pero en liñas xerais, temos bastante afluencia de xente.

Teñen clientes habituais? A fidelidade é unha das características dos seus clientes?

Si, a verdade é que contamos con un amplo abano de clientes habituais.

En que temporada aumenta e por que?

A afluencia de xente aumenta a partir do mes de abril, xa que a nosa ampla terraza nos permite acoller a máis clientes.

En que temporada descende e por que?

A partir do mes de novembro, posto que o mal tempo impídenos acoller a tantas persoas como no verán.

Ademais da comida, por que é recomendable ir a Mesón O Castro?

Persoalmente, cando acudo a un restaurante gústame que me ofrezan un trato familiar, é dicir que



me fagan sentir como na miña casa... e ese é o noso obxectivo principal, facer sentir ben aos nosos clientes. Ademais, na época do verán contamos cunha gran terraza, a cal está rodeada de natureza e anexa a unha zona verde na que os nenos e as nenas poden xogar.

Cales son os horarios e días que se traballa?

De martes a sábado de 12.30 horas ata peche. E os domingos de 12.30 a 17.00. É dicir, os nosos días de descanso son o domingo a noite e o luns todo o día.

Cantas persoas traballan no restaurante?

Traballamos seis persoas.

Teñen algún proxecto de cara ao futuro para potenciar que máis

xente se achegue?

O noso obxectivo principal é seguir mellorando día a día, co obxectivo de ofrecer o mellor servizo posible aos nosos clientes. Ademais, temos en mente varios proxectos cos que pretendemos mellorar as nosas instalacións.

Poden contarnos algunha anécdota?

Quizás a anécdota máis graciosa foi cando un cliente entrou na cociña a darlle un bico e un abrazo a cociñeira por facer tan ricos os flanes de turrón. Existen outras moitas... pero preferimos gardalas para nós. Ao noso mesón acudiron persoas coñecidas como Sergio Vallejo ou Paloma Lago, a cal visitou ao noso local durante a gravación dun dos seus programas.

A EOI de Sarria abre o prazo de inscrición para o curso 2023-2024

Xa está aberto o prazo de inscrición para as persoas que se preinscribiron e as que non, porque hai prazas vacantes, no curso 2023-24 na extensión de Sarria da Escola Oficial de Idiomas de Lugo.

Así, poderase ir formando un grupo de inglés de nivel A1 para persoas que empezan de cero,

así como grupos de A2, B1, B2.1 e B2.2 e o primeiro curso de nivel avanzado C1.1.

Todos os cursos terán horario de tarde, en dous horarios, un máis de tarde-noite, e serán dous días á semana para permitir que as persoas apuntadas poidan participar destes formacións sen interferir nos seus ho-

riarios de traballo ou de estudo. Desde a Escola defenden que “o inglés é a ferramenta clave para comunicarse e progresar no mundo de hoxe en día” e animan a todas as persoas de Sarria a que se animen a apuntarse nos cursos, que terán horario de tarde e serán dous días á semana.

A XXV Xuntanza Peleriños terá as actuacións de tres agrupacións

Este vindeiro 12 de agosto terá lugar a XXV Xuntanza da Asociación Cultural Peleriños de Sarria na Praza da Vila, que comezará ás 18.30 horas cun pasacalles desde o Malecón.

Por outra banda, a partir das 19.00 horas terá lugar as actuacións de música tradicional na praza da Vila da man do Grupo Folclórico Santa Eulalia de Vize-

la, orixinal de Portugal, de Los Chachipés Grupo Folklórico do Escorial e da propia actuación do grupo anfitrión, a Asociación Peleriños.

Xa á noite, a partir das 23.00 horas celebrarase un concerto-foliada no Malecón con Murga de Cantigas e Frores para rematar a xornada festiva.



¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
 & muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

APROVECHA LA OPORTUNIDAD
 SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² **AZULEJOS** **6€ +IVA**
PORCELÁNICOS

SÓTANO OUTLET **681 19 36 05 - 982 30 46 00** **CONTURIZ - LUGO** **www.sotano.es**

O XII Festival musical interxeracións terá lugar en La Unión de Sarria o 12 de agosto

A Sociedade Cultural e Recreativa La Unión de Sarria celebra o vindeiro 12 de agosto o XII Festival musical interxeracións, que congregará diferentes artistas para que as persoas que participan disfruten da música de diferentes xeracións.

Así, a xornada comezará ás 13.00 horas coa sesión vermú amenizada con Dous Bos e os Intermitentes, de Paradelas, e o Rock and Blues Sarrián, de Sarria.

Xa á noite, a actuación grosa será a de La Pereza del Loco, un grupo de música que fai atributos a Pereza e a El Canto del Loco.

O IES Gregorio Fernández acollerá un curso de capacitación dixital para adultos

O IES Gregorio Fernández de Sarria acollerá a partir do 18 de setembro un curso de capacitación dixital para adultos durante 115 días lectivos. Esta formación, que terá unha duración de 30 horas, está dirixida a persoas maiores que estean interesadas en aprender a utilizar de forma segura internet para evitar estafas, crear e xestionar contas de correo electrónico, solicitar citas previas nas distintas administracións públicas, solicitar certificados dixitais, realizar comprar por internet, realizar videoconferencias, programar viaxes por internet e realizar transaccións bancarias en liña. Así, os interesados deberán cubrir unha solicitude de inscrición no instituto durante o mes de setembro, de 09.00 a 13.30 horas.

“Eu fágoo todo o mellor posible, por iso a xente queda contenta”

Jose Luis Tejón López, emprendedor do negocio Excavaciones Matanza de Sarria

Cando nace e como xorde a idea de poñer en marcha Excavaciones Matanza?

Nace porque sempre tiven a idea de emprender e facer un negocio pola miña parte e como tiña experiencia no sector das escavacións e de desmontes de leiras, decidín emprender nese camiño. Ademais, gustábame moito andar coas máquinas, polo que no 2016 decidín poñer en marcha o meu proxecto individual para axudar a particulares e entidades a acondicionar leiras e arrancas raíces das árbores e demais actividades que me propuxeran.

En que consiste o traballo?

O traballo consiste en acondicionar terreos, leiras ou espazos nos que alguén quere establecer unha nova actividade, xa sexa económica, como a gandería ou a agricultura, como se alguén quere dispoñer dese espazo limpo para construír algunha cousa, como una cuadra, algunha fosa séptica, un lugar para os xurros, unha piscina... Ademais de traballar coas máquinas, hai que falar coa xente, aconsellar que é mellor no seu caso segundo a experiencia e a viabilidade do proxecto, de que forma actuar, presentar os presupostos... O único traballador da empresa son eu e non subcontrato nada, a menos que sexa un traballo moi grande, que entón tería que chamar a alguén con outra das máquinas coas que traballamos para que me boten unha man.

Con que maquinaria e elementos traballa?

Eu empecei cunha escavadora



mixta, que é como un tractor, coa que se traslada a terra dun lado ao outro e vale para calquera tipo de traballos, xa sexan escavacións, zapatas, sitios complicados, drenaxes, saneamento de fincas...

Hai dous anos decidín comprar un camión para mover mercadería, transportar os áridos e tamén me permite poden entrar por camiños complicados. E este ano comprei unha retroescavadora xiratoria para acometer traballos máis duros, que requiren máis forza e máis traballo, como pode ser mover grandes cantidades de terra e arrancar raíces de árbores grandes. Esta máquina ten moita calidade, polo que saca máis traballo e compensa o que non poden facer as outras. E con estas tres levo a cabo o traballo.

En que tipo de terreos actúa?

En xeral en calquera terreo. A maioría de terreos nos que traballo son de labradores particulares en diferentes pobos que teñen leiras. Estes pídenche calquera

cousa, desde arrancar raíces ata cargar abono. Ademais, fago traballos para albaneis, para que estes poidan realizar as súas funcións nun lugar concreto e tamén traballei para diferentes concellos, como o de Paradelas e o de Láncara, nos que acondicionei e restaurei camiños que son parte do municipio.

Cales son os terreos máis difíciles?

Difíciles son todos. Hai sitios complicados que che levan máis tempo, pero indo lentamente, vas ben; pero sitios mais chans poden sorprenderte e os complicados sempre son os de pendente. Aínda así, os sitios malos son os que me tocan a min, a xente da aldea xa sabe cando chamar ou non, se non xa o fan eles.

Como é o trato cos clientes?

O trato cos clientes é moi próximo e somos todos máis ou menos coñecidos. Hai un pouco de todo, pero en xeral moi ben. Eu por exemplo cando vou polos pobos

invítanme a comer e hai moita flexibilidade de horarios e de cambios. Eu diría que o que se nota é que hai confianza e proximidade. Pola súa parte, sempre din que están contentos co traballo e moitos dos me chamaron unha vez, volveron chamar.

Algunha novidade no sector?

As máquinas son cada vez máis modernas, máis cómodas e sacan máis traballo en menos tempo en xeral. O problema é que presentan mais avarías, pero é o que hai. **Despois de tantos anos, que é o máis importante que se aprendeu?**

Cada vez os clientes teñen máis tractores e aínda que non saiban facelo, fano eles. Pero si que teñen que chamar a unha persoa coma min cando son traballos complicados, para por iso estou eu, pero cada vez hai menos cousas que arranxar. A pesar de todo iso, segue sendo necesaria unha máquina, polo que somos menos pero somos necesarios.

Muévete a BigMat viñas

982 530 060
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m² de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito

diseño & Confort

735€

GM350// Moderno dormitorio con cabezal de 135, 2 amplias mesitas de 62 cm. y sinfonier a juego en tonos actuales. Posibilidad de cómoda, pida presupuesto.

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

GALEGA

Muebles SINDIN

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
mueblescindin@gmail.com / www.mueblescindin.com



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante




982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones

O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696

A Xunta destinou máis de 134.000 euros para o programa Sarria Concilia



A Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia publicou neste mes de agosto a resolución para a concesión dunha axuda de 134.996,40 euros para o programa "Sarria Concilia" que se leva a cabo no Concello de Sarria.

O servizo de conciliación municipal beneficiarase así da colaboración da Xunta de Galicia grazas ao "Programa do Plan Corresponsables no ámbito local" (SI436A), que ten por obxecto regular a concesión de subvencións destinadas a desenvolver e financiar o desenvolvemento do Plan Corresponsable, consistente en actuacións dirixidas a facilitar a corresponsabilidade nas familias con fillas e fillos ata os 16 anos incluídos.

Sarria Concilia está a desenvolver diversas actividades, como o campamento de verán para nenos e nenas do municipio, co fin de que as familias teñan opcións de conciliación familiar debido aos seus traballos, así como fomentar o desenvolvemento dos nenos e nenas no contexto sarriao e xunto cos seus compañeiros da vila.

16 artistas internacionais estarán no Ribela Love&Nature

Os vindeiros 18 e 19 de agosto celébrase a segunda edición do Festival Ribela Love and Nature, que naceu no ano 2022 despois de anos de formación e preparación por parte dos seus organizadores co fin de crear un festival diferente na xeografía galega no que se puidera desfrutar da natureza, a música, a gastronomía, o bo ambiente e a sustentabilidade.

A primeira edición contou coa participación de 22 artistas que encheron o complexo de 10.500 metros cadrados durante catro días seguidos e, nesta segunda edición, serán 16 grupos musicais os que virán a Ribela, en Sarria, a dar os seus concertos. Estes serán Rayotaser, Maria Grep, Blanco Palamera, Valdivia, Aparato, Fábrica de Espejos, Moreno Moreno, Annie Hall, Dalila, Fonkid, Hidden Raposo, Jorginho, Aldonna, Viktor Flores, Certain People e Jack Wasfaster.

ASOCIACIÓN. Os organizadores da primeira edición do Ribela Love and Nature decidiron crear unha asociación cultural co fin de organizar diferentes eventos, ademais deste festival, co fin de promover a cultura e a música en Sarria.

Pero o máis importante, sen lugar a dúbidas, é o Festival, cuxa segunda edición foi organizada xa dende o día seguinte que terminou a primeira, xa que "sabiamos que iamos facelo moito máis grande que a primeira edición".

Por outra banda, desde a asociación explican que sufriron pequenos inconvenientes en temas de patrocinios porque "é moi liso", explican, e tamén sufriron a falta de colaboración por parte da Concellería de Cultura do Concello de Sarria, que non se puxo a disposición deles ata despois das eleccións municipais de maio.



FESTIVAL. O espazo no que ten lugar este festival conta con varios espazos para o desfrute das persoas que acudan a el. Por unha parte, teñen o 'Funny Playz', un lugar destinado á realización de actividades para todas as idades no que hai xogos de psicomotricidade, minigolf, pintacaras, pintura luminescente, inchables, debuxos... Tamén está a 'Zona relax', un espazo onde descansar e desfrutar de propostas gastronómicas locais cheo de zonas verdes para que as persoas poidan desfrutar e charlar. Por último, está a zona de 'La rebelión es sostenible', un posto dedicado ás políticas de sustentabilidade onde solicitar un cinceiro de peto ou cambiar bolsas de residuos recollidos por tickets de comida ou bebida.

Todos estes espazos, así como os concertos programados, están pensados desta forma específica para cumprir os obxectivos específicos dos organizadores, que se basean na sustentabilidade, a gastronomía, a natureza e a cultura.

No caso do obxectivo da sustentabilidade, os organizadores teñen como

pretensión ser referentes no coidado e o medio ambiente e, por iso, desenvolven políticas de mellora e respecto e polo medio ambiente. Pártese de incentivos tanto educativos como económicos, con políticas de devolución de diñeiro en función dos residuos recolleitos.

Con respecto á gastronomía, teñen propostas gastronómicas locais, opcións veganas e materias primas autóctonas como requisitos da organización. No tema da natureza, queren promover a paisaxe natural, entre murallas, fauna e natureza, nun das contornas máis belas da provincia. E, por último, buscan un selo que elimine os prexuízos da música electrónica e independente, mentres que se fai unha aposta por artistas nacionais, internacionais e artistas emerxentes da nosa comunidade.

En base a estes catro piares, desde a asociación búscase crear experiencias e lembranzas inesquecibles para as persoas que vaian ao festival, que se convertan "nunha gran familia de asistentes recorrentes", defenden.

A edición 7 da revista Macheta contou coa colaboración de 22 persoas

A revista contracultural Macheta foi presentada ao público na súa sétima edición. Unha publicación que foi creada nos seus inicios polo club Teixo e recuperou Huhú, e esta edición é un traballo editorial colectivo entre membros de Huhú, Teixo, e múltiples persoas individuais que se implicaron no proceso.

Nesta publicación, que explican "non sairá só durante o mes de agosto de cada ano", vinte e dúas persoas participaron e colaboraron na súa creación e a maioría dos escritos recibidos para publicar foron de mulleres. Segundo os seus creadores, Macheta "plantexa un compromiso claro co pensamento crítico e coa mobilización dos pobos, e faino desde un punto independente, activo e libre de compromisos con grupos electorais".

Por último, anunciaron que, "grazas ao apoio mostrado polo público asistente á presentación, o número 8 da revista, baixo o título 'Especial retroceso', presentarase durante os vindeiros meses.

COLABORACIÓNS. Entre as persoas que colaboraron, Raúl Vázquez amosouse moi "agradecido de publicar nesta nova etapa dun medio que forma parte da historia de Sarria".

El publicou un poema dedicado a Matías Moreno, o seu profesor de guitarra, "que fixo xerminar a xeracións de músicos", explica, o que lle removeu moitos sentimentos: "sentín toda a forza adolescente que nese espazo deixamos cando eramos pura enerxía punk acelerada". Por último, quixo felicitar á Asociación Huhú "por un traballo feito, con moito agarimo e por ser un novo respiro para a escea artística e cultural da nosa vila".



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal compañía eléctrica de Galicia. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**



DESEÑOS A MEDIDA

DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL

Muebles

Celeiro

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO
Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo
Tel: 982 532 451 - 625 662 962
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón o Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
Tel. 982 012 026

CAFETERIA Polo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

Matias Locanda

SERVICIO A DOMICILIO
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...
VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para llevar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

BAR Montecarlo

Nuestra carta en tu mano
Comida y cafés para llevar

Rúa Diego Pazos 1. 27600 - Sarria
Telf. 982 88 69 66 621 37 10 22 montecarlosarria.es

As marabillas que agocha a provincia

O atractivo débese á variedade de paisaxes para conectar coa natureza e coñecer paraxes

A provincia de Lugo destaca por contar cunha inmensa sintonía pola natureza, combinando as súas paisaxes ás maneiras de vivir.

Así, o mar, as montañas e os vales do interior proporcionan unha imaxe de contrastes que fixo que os lucenses modelaran o seu carácter, as súas actividades e mesmo a súa forma de contemplar o mundo.

Unha mostra desta perfecta simbiose constitúena as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO, cuxa extensión abarca máis do 55% do territorio e que converten a Lugo nun referente internacional. É aquí onde as paisaxes da auga, nas que os protagonistas adoitan ser o río Miño, o Eo ou o Navia, condicionan o resto da xeografía.

En Lugo tamén atopamos a maior superficie de Galicia protexida ao abeiro da Rede Natura 2000, a máis importante rede de espazos naturais protexidos a nivel europeo.

Dentro dos espazos protexidos da provincia sobresaen tamén Monumentos Naturais como o Souto da Retorta en Viveiro, que acolle os maiores eucaliptos de Europa; o pregamento sinclinal de Campodola- Leixazós en Quiroga, escenario idóneo para a práctica do xeoturismo e outras formacións de gran singularidade e beleza como a praia das Catedrais, un referente do turismo galego e considerada entre as mellores do mundo.

E é precisamente o litoral cantábrico o escenario onde a arquitectura do mar se desfruta en todo o seu esplendor e neste espazo, as formas dos cantís forman o carácter dunha costa salpicada polos recunchos xeolóxicos, as rías altas, os cabos e as máis de 50 praias que constitúen un sitio marabilloso para o coñecemento da biodiversidade costeira e o patrimonio marítimo, así como a práctica de deportes náuticos.

FERVENZAS

A oferta turística de espazos naturais da provincia complementáanse coas fervezas, que se conciben como lugares idóneos para adentrarse na natureza en silencio e, simplemente, deixarse levar polo son da auga.

Algunhas das fervezas máis emblemáticas son o **Pozo da Ferida**, entre os Viveiro e Xove; ou a das **Fragas do Ermo** en Barreiros, lugar cun potente significado máxico-relixioso. No interior pero moi preto da costa destacan a ferveza do **Pozo da Onza** no Valadouro, a ferveza do **Escouridal** en Alfoz, o **Salto do Coro**, en Mondoñedo e a ferveza do **río Xestosa** en Ouro.

Xa no interior da provincia pódense admirar a seimeira de **Vilagocende**, na Fonsagrada, espectacular salto de auga de 50 metros de altura; as fervezas da **Marronda**; a ferveza de **Auga Caída** en Pantón, que verte as súas augas no Miño ou a ferveza de **Vieiros** no Courel, situada nas proximidades da Seara e de camiño á lagoa de Lucenza, en pleno sendeiro PR- G 184.

LAGOAS

Lugo conta con 340 humidais inventariados ou recoñecidos o que fai que sexa o 40% da superficie total que existe na comunidade galega



destes espazos.

Neste tipo de formacións húmidas destacan as da Terra Chá pois acolle un importante número delas e que ademais forman parte dun refuxio preferente para aves migratorias en época invernal.

Así, as **lagoas de Cospeito, Caque, Santa Cristina, a lagoa do Rei ou a de Riocaldo de Begonte** son só algúns exemplos onde a conservación dos espazos naturais foi compatible cos usos agrícolas e turísticos do territorio.

Outras lagoas de gran relevancia son a de **Fonmiñá**, situada no municipio da Pastoriza e considerada por tradición un dos nacementos do Miño ou a lagoa de Lucenza no Courel, singular pola súa orixe glaciar e polos seus máis de 16.000 anos de antigüidade.

COVAS

Outro anaco de paisaxes que non se pode esquecer son as covas ou cavidades. Nela destaca á do **Rei Cinto-**

lo en Mondoñedo que ten máis de 6000 metros explorados e presume de ser a máis grande de Galicia así como é un dos seus grandes proximos xeolóxicos.

O concello de Mondoñedo organiza desde a súa oficina de turismo visitas guiadas á cova acompañadas por un espeleólogo profesional. Igualmente, nas proximidades da cova atópase o centro de interpretación da Prehistoria, onde se pode profundar no coñecemento dos aspectos históricos, arqueolóxicos, etnográficos e naturais de Mondoñedo.

Por outra banda, e a centos de quilómetros atópase a Buraca das Choias, no municipio da Pobra do Brollón. Trátase dunha cavidade de orixe natural que foi aproveitada polos romanos para a extracción de ferro entre os séculos I a III.

A **Buraca das Choias** debe o seu nome ao feito de estar habitada no pasado por unha bandada de chovas de pico vermello. Actualmente, a cova é refuxio dunha importante co-

MONTAJE DE MUEBLES

Lito

MUDANZAS

Decoración • Reformas • Pintura
Montaje de muebles

602 417 542

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

lonia de morcegos, podendo tamén atopar nela reliquias botánicas como o *Schistostega pennata*, un musgo luminiscente cuxa presenza se documentou aquí por vez primeira en España e que só se atopa en contados lugares da Península Ibérica, atopándose incluído na lista vermella de especies en perigo.

GRAVADOS RUPESTRES

Os petróglifos son gravados realizados ao aire libre sobre grandes rochas ou laxes empregando diferentes técnicas segundo a súa datación. Adoitan presentar elementos zoomorfos, cazoletas escavadas na rocha, espirais, círculos concéntricos, figuras humanas, armamento, cruces ou labirintos. En liñas xerais, datan do período comprendido entre o século XX ao VIII a. C., aínda que tamén os hai de época medieval ou moderna. Na provincia podemos atopar dúcias de exemplos, destacando pola extensión da súa superficie os de Antas de Ulla, situados en **San Fiz**, no alto do **Monte Farelo**, onde atopamos unha das maiores concentracións de arte rupestre da provincia. Tamén en municipios do sur, como é o caso de Sober, existen destacados exemplos como os de **Proendos** e **Bolmente** e, na Terra Chá, destaca o círculo de **Donalbai**.

CASTROS

Os castros son poboados próximos a áreas de gran actividade agrícola ou mineira que están fortificados mediante murallas e foxos presentando planta circular e unha localización estratéxica que reforza o seu carácter defensivo. Na zona da Terra Chá destaca o de **Viladonga** situado en Castro de Rei, e constitúe o prototipo de asentamento castrexo do interior de Galicia. Os principais restos achados nas escavacións expóñense no seu museo arqueolóxico.

Na Mariña está o **Castro de Fazouro** en Foz que é o único escavado no litoral cantábrico. Foi habitado entre



os séculos I e III d. C. Actualmente só se conserva da súa estrutura orixinal un conxunto de nove construcións, xa que a erosión mariña provocou a desaparición dunha parte considerable do conxunto orixinal.

Xa cara o interior está o de **Zoñán** en Mondoñedo que se caracteriza por ser o primeiro castro escavado en Galicia no ano 1867, traballos que non se retomarian ata o ano 2002. Datado entre os séculos I e V d.C, presenta diferentes estruturas entre as que se encontran vivendas, pequenas rúas que as comunican e eiras nun moi bo estado de conservación.

Xa cara o centro da provincia está o de **Castromaior** en Portomarín, xunto ao Camiño de Santiago, e está considerado un dos castros máis relevantes da Idade do Ferro no Noroeste peninsular. O conxunto destaca pola súa monumentalidade, contando cun recinto principal e outros cinco secundarios que o prolongan cara ao leste e o oeste.

Cara o sur da provincia pódense atopar o **Castro Candaz**, en Chantada, un peculiar castro datado de época romana atópase parte do ano mergullado baixo as augas do encoro de Belesar. O **Castro de Fión** na parroquia de Arxeriz, no municipio do Saviñao, sobre un espolón rochoso con vistas ao mítico meandro do Cabo do Mundo, no río Miño, e a outros castros situados na zona.

No municipio de Paradela está o **Castro de Barán** que está formado por

dúas terrazas, unha croa e un foxo. Destaca o seu estudado plan urbano e a súa contorna, nas inmediacións dun frondoso souto de castiñeiros. Nos municipios da montaña lucense existen numerosos asentamentos utilizados para albergar aos traballadores das explotacións auríferas romanas. É o caso do castro de **San Lourenzo** da Cereixa, na Pobra do Brollón e o **castro de Santa María de Cervantes**, reutilizados como necrópoles medievais, ou os **castros de Vilar e A Torre**, no Courel.

CÍCULOS LÍTICOS

En diferentes puntos da xeografía da provincia existen círculos líticos ou cromeleques, que son estruturas construídas con grandes pedras dispostas en forma circular.

O círculo lítico da **Roda**, en Barreiros, é unha enigmática estrutura megalítica da Idade do Bronce, encadrada na tipoloxía dos henge británicos, que se remonta no tempo uns 4500 anos. Seguindo os estudos sobre o círculo de Stonehenge, situado en Amesbury, en Inglaterra, podería ter un carácter relacionado coa relixión, coa celebración de actos de carácter social, coa observación astronómica dos ciclos da natureza ou con rituais de carácter funerario. En calquera caso, as hipóteses que tratan de explicar o significado destas estruturas só conseguiron alimentar o halo de misterio que as rodea. O círculo da Roda ten un diámetro duns 50 me-



tros e está circundado por un foxo exterior de entre tres e catro metros de diámetro e un de profundidade. O círculo está flanqueado á súa vez por dous muros separados por un foxo que dá lugar á formación dunha estrutura en parapeto que acadaría os 2 metros de altura. Na posible zona de entrada consérvase unha pedra vertical, delimitando o acceso. A existencia de círculos líticos é moi excepcional no continente Europeo, á marxe dos achados nas Illas Británicas. Na provincia de Lugo foi documentada a existencia doutra estrutura megalítica circular na parroquia de **Coeses**, en Lugo. Tamén na Mariña pero nesta ocasión no Valadouro, atopamos o misterioso **Prado das Chantas**, do que se conservan unhas 250 pedras, e os círculos **das Pedragosas**, próximos ao anterior, aínda que ata o de agora non se puido arrojar luz sobre a súa cronoloxía e os seus usos orixinais.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

TEMPO DE MÚSICA

A proposta festivaleira estival do 2023

O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia

Os meses de agosto e setembro concentran o que resta de festivais de música na provincia de Lugo. Atrás quedaron outras citas obrigadas, como o FIV de Vilalba ou o Resurrection Fest de Viveiro, o primeiro encargado de abrir o tempo de festivais e o segundo como un referente internacional. Pero aínda queda moito por celebrar. A primeira fin de semana reuniu tamén varias citas obrigadas de festivais, entre o que destaca o de **Pardiñas**, un referente na programación da provincia xa que é Festa de Interese Turístico Galego. Durante o mes de agosto as distintas localidades da Mariña acollen o **Festival Bal y Gay**, o único a nivel nacional. Enche cada ano de música



en vivo de calidade, afianzando esta comarca lucense como destino cultural de referencia en Galicia e España. A mediados de agosto destacan dúas citas xa habituais do programa anual. Un deles é o Festival **27327**, en Begonte, que se celebra no club fluvial da localidade con sesión vermú, aberto de billarda e campionato de cimbrón incluído. Outro é o **Rabafolc**, que este ano aínda non presentou o programa xa que forma parte das festas patronais, que organiza o Concello.

Na Chaira tamén destaca outra cita, o Festival **Pozo Mouro**, que combina música de diferentes tipos con outras actividades culturais. Máis ao sur da provincia está previsto o **Trece Roeis Fest** de Pantón, que este ano acollerá a 18 grupos de música rock; ou o **Ribela Love&Nature** de Sarria, que se amplía a dous días e terá a 16 artistas no seu cartel.

Queda aínda sen confirmar se hab-



rá **Fich Chantada**.

Para rematado agosto destaca Festival **Terra Brava** do Incio coa participación de aqueles que queren poñer en valor o traballo de grupos galegos por facerse oír nun contexto no que cada vez se aposta máis pola creación musical propia.

Mención aparte merece o **Agrocuir**, unha iniciativa celebrada no rural que ten como obxectivo reivindicar a diversidade sexual e de xénero neste ámbito. Aínda non hai programa sobre a súa continuidade.

SETEMBRO. Abrirán o mes de setembro outras tres citas, o **Trementera** do Incio e o **Osa do Mar** de Burela, ao que se suma tamén o **Xara Fest** en Ribadeo.

Completan o mes outros dous festivais, o **Parga Rock**, que se celebra na parroquia de Guitiriz que lle da o nome, e o **Caudal Fest**, den Lugo, do que tamén hai xa cartel.

Pero antes de que acabe o ano Lugo completa a programación festiva-

PROGRAMA

- 27373. Begonte. (12 agosto)
- Rabafolc. Rábade (mediados agosto)
- Trece Roeis Fest. Pantón (18-19 agosto)
- Ribela Love&Nature. Sarria (18-19 agosto)
- Fich Chantada (mediados de agosto)
- Pozo Mouro. Muimenta (19 agosto)
- Terra Brava. O Incio (25-26 agosto.)
- Agrocuir. Monterroso. Finais agosto. Sin confirmar
- Trementera. O Incio (1-2 setembro)
- Osa do Mar. Burela (1-2 setembro)
- Xara Fest. Ribadeo (2 de setembro)
- Parga Rock. Parga-Guitiriz (9 setembro)
- Caudal Fest. Lugo (15-16 setembro)
- Castañazo. Lugo (27-28 outubro)
- Festival dos Eidos. Folgoso Finais outubro
- Festiblus. Lugo (14-22 outubro)
- Festival de Jazz. Lugo (4-20 novembro)

leira con tres novas citas. a primeira é en outubro o **Castañazo**. Ese mesmo mes terá lugar o **Festiblus** e rematará o ano o **Festival de Jazz**, que se prolongará durante tres semanas na capital da provincia.

PINTOR
PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936
HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

**PINTURAS HOGAR
LATAS**
tel.: 659 76 79 36

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA
CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa Mario Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

C/ RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864
electronova@mun-do-r.com

ELECTRONOVA
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMÉSTICOS

OFERTAS EN ESCOBAS ELÉCTRICAS

¡Os desexamos una feliz Noite Meiga!!!

COMARCA

A RAG dedicaralle a Luísa Villalta o Día das Letras Galegas 2024

O pleno da Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), cadrando co vixésimo aniversario do seu pasamento. Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90, o seu 17 de maio será unha ocasión excepcional par reivindicala en toda a súa amplitude como a intelectual que foi.

Villalta é unha escritora para facer pensar o mundo contemporáneo a través dunha obra marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística. O cruzamento entre a poesía e a música é outro



dos trazos definitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución.

Repartidos os premios do certame provincial das Letras Galegas

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades premiou a 33 escolares no Certame de narración e debuxo Letras Galegas 2023, que organiza a Biblioteca Pública de Lugo coa colaboración das bibliotecas municipais da provincia.

NARRACIÓN. Na categoría A (ata 8 anos) o primeiro premio foi para Alessia Rodríguez Amor, da Biblioteca de Antas de Ulla; o segundo para Antón Rodríguez Fernández (Chantada) e o terceiro para Vera Otero Dorrego (Barreiros). Tamén se concederon dos accésit. Un para Lía López Gómez (Monterroso) e outro para Julia Villapol Bello (Barreiros).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) o gañador foi Jorge Melo Reigosa (Burela), seguido de Mía Santos Seijo (Foz) e Iria Pascual Arias (tamén de Burela). Tamén houbo



accésits para Jimena Domínguez García (Burela), Nerea Sobrado Gasalla (Ribadeo) e Diego Ávalos Gato (Viveiro).

Na C (de 12 a 16 anos) os premios foron para Ana Lestao Ben (Burela), Jimena Campo Arias e Lucía Lastra Pérez, as dúas de Ribadeo. Os accésits corresponderon a Sarai Paz Prieto (Xermade), Lidia Expósito Goás (Alfoz) e Pablo García Legazpi (Ribadeo).

DEBUXO. Entre os menores de 8 anos os premios foron para Naia

Fontenla Suárez (Burela), Leire Posada García (Ribadeo) e Pablo Hernando González (Outeiro de Rei).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) gañaron Nicolás Fernández Núñez (Chantada), Carlota Oroza Díaz (Viveiro) e Carla Mellada Abuín (Burela).

Finalmente, na categoría C (de 12 a 16 anos) repartiron os premios Marcela Pérez-Magdalena Villar (Ribadeo), Claudia Loureiro García (Ribadeo) e Alba García Trinidad (Lugo).

ABIERTO PLAZO DE MATRICULA | **CURSO 23/24**

HEIKO

ESCUELA MUSICAL-CREATIVA
MÚSICA PARA PEQUEÑOS Y MAYORES

MÉTODO **MUSICAEDUCA:**
APRENDER DIVIRTIÉNDOSE
Único centro autorizado en Lugo **Musicaeduca**

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación musical de 5 a 8 años (grupos de violín, piano, guitarra y percusión).
- Formación musical desde 9 a 100 años con metodologías activas e innovadoras en clases individuales y colectivas.
- Batería, canto, piano, violín, violonchelo, guitarra, bajo, gaita, pandereta...

Clases de refuerzo y preparación para las pruebas de acceso al conservatorio.

¡PREGÚNTANOS SIN COMPROMISO!!!

DESDE LOS 10 MESES HASTA LOS 100 AÑOS
Música - Baile - Batucada -
Robótica - Teatro y... ¡mucho más!!!

Infórmate de días y horarios en nuestras redes sociales
heiko@musicaeduca.es
+info 687 582 559

@heikolugo
 @heikolugo

Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

Actividades para nenos e adultos durante o verán



O Concello de Láncara vén de presentar o programa de actividades para nenos e adultos durante os meses de agosto e de setembro, que inclúen espectáculos, gastronomía, cultura e moito máis.

Así, durante o mes de agosto terá lugar na parroquia de Láncara a Festa da Troita o día 11 na Pobra de San Xiao e Cedrón, o 12 será a festa da escuma na Pobra e o 13 de agosto terá lugar a Festa da Malla.

Xa o 18 de agosto terá lugar a Festa da Xuventude na Pobra de San Xiao, o 19 acudirán Os Bolechas ata Láncara e o 26 terá lugar a Festa acuática na Pobra para os máis pequenos.

Xa en setembro volverá a Festa da troita en Muro, Láncara e Arnea, o primeiro día do mes; mentres que o segundo haberá outra festa acuática en Láncara. Entre o 4 e o 8 terá lugar un taller de de grafiti e Street art na Pobra de San Xiao, o 10 organízase unha excursión ás Rías Baixas e, por último, o 16 terá lugar a obra de teatro 'Pinconús' na Pobra de San Xiao.

Volve a Festa da Malla de Val de Láncara o día 13 de agosto

A Asociación Cultural Val de Láncara organiza, outro ano máis, a Festa da Malla na parroquia de Láncara este vindeiro 13 de agosto, unha celebración que consiste na representación en directo de como se separa o grao de trigo da palla, así como inclúe exposicións de artesanía, maquinaria, vehículos e gastronomía.

Tras máis de 20 anos levando a cabo esta festa, desde a asociación defenden que continúan con esta tradición porque hai "moi boa aceptación" e porque "é importante que a xente máis nova aprenda dos que mallan e así se mantén vivo este oficio tradicional no que se implican todos os da asociación", explican. Este ano contan con gran cantidade de xente, xa que todos os anos contabilizan arredor de 100 persoas na comida popular que ten lugar ao mediodía, pero sobre 400 ao longo da xornada, que se achegan a ver a representación, a desfrutar da gastronomía ou a botar un ollo aos postos.

A MALLA. A representación da malla consiste en dar a coñecer á xente do pobo como se mallaba antes, que se facía en todas as casas, a diferenza de agora que xa non é necesario.

O día da representación, neste caso o 13 de agosto, desde as primeiras horas da mañá algúns membros da asociación estarán xa coa máquina de mallar ao lado da meda, que está formada por mollos, que son varios conxuntos de trigo atados polo centro e que se colocan de forma cónica e xuntando as espigas no centro para protexelo.

Os encargados de mallar, entón, poñen a funcionar a máquina de marca Campeva e van tirando os



mollos sobre o mostrador, outra persoa cólleos, desátaos e pásaos a unha terceira persoa que os mete a unha terceira persoa que os mete a máquina máis soltos. Esta máquina o que fai é separar o grao da palla, que cae un abaixo e o segundo por detrás. O grao acumúlase en 'culeiros' e despois métese en sacos. Porén, o grao que sae, que non está limpo, ten que ser separado das espigas mediante unha técnica manual, normalmente exercida por unha muller á que se lle chama 'cuañeira', utilizando unha vasoira feita de ramas de arbusto sen follas, que permite separar ben o grao das espigas.

Con respecto á palla, esta vai saíndo pola parte traseira da máquina de mallar e varios homes van acumulando a palla e vanse facendo feixes de palla que logo se collen e se forma o palleiro que ten a mesma forma que a meda. Despois desta representación, terá lugar a comida popular para todas as persoas asistentes na carballeira de Láncara sobre as 15.00 horas "porque a representación da malla empeza ás 10.00 e dura ata a 13.30 horas e despois sempre tomamos algo nos bares", explican desde a asociación.

Ademais, durante a mañá e a repre-

sentación, a Asociación Val de Láncara tamén actuará como grupo de música tradicional, así como haberá postos de mel, de chourizos, de gastronomía e algún de artesanía, e un concerto durante a tarde.

O PAN DA MALLA. Durante a comida na Festa da Malla haberá bolos de pan feitos trala malla do ano anterior e desde a asociación explicánnos o proceso.

Despois de cada Festa da Malla, o grao que saíu da máquina de mallar gárdase dun ano para outro e, cando se achega o día da Festa da Malla, lévase ao muíño, onde se fai a fariña. Así, pídeselle ao panadeiro e confianza da Asociación Cultural Val de Láncara que faga os bolos de pan, que se venderán nos postos da feira, así como se comerán na comida popular. Con respecto á meda, uns días antes da propia representación, parte dos organizadores da Festa da Malla van tamén a segar o campo e fanse os mollos que van formar a meda que se ve no propio día da festa. Despois, dous días máis tarde cárganse en remolques e lévanse ao prado da Veiga, onde se fai a malla. E repítese o proceso ano a ano.

Nova edición da Festa da Troita

Este 11 de agosto celébrase en Láncara a Festa da Troita, un evento no que os veciños da Pobra de San Xiao e da parroquia de Cedrón poderán degustar este produto gastronómico tradicional de Láncara.

Así, a través da Área de Cultura do Concello, colabórase conxuntamente con diversos establecementos do municipio para dar servizo á veciñanza e tamén visitantes e turistas e ofrecerlles troitas para degustar.

Estes establecementos participantes son Mesón do Neira, Xeitoso, Avenida, Mesón Don Cosme, Refugio, Convero e Taberna de Cedrón. Todos eles poñerán a disposición dos interesados as troitas que son pescadas polos mesmos veciños no río Neira.

O PP esixe limpar e conservar as estradas do municipio

Os populares de Láncara esixen ao goberno local "atender as demandas dos veciños en materia de limpeza e conservación, xa quen cren que hai un estado de abandono do municipio que proxecta unha imaxe, dende o punto de vista paisaxístico, de concello descoidado".

Así, advirten da necesidade de "levar a cabo os traballos de desbroce de pistas de forma planificada, porque nalgunhas parroquias non se fixo en anos e que este 2023, cun só tractorista financiado pola Xunta e poucos medios do Concello, probablemente non se supere a limpeza do 50 % do municipio".

Empresa especializada en traballos verticais



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h

Invisten na continuación dos traballos da Cova Eirós

Diego Calvo, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, anunciou que a Xunta impulsará este verán un Plan de intervencións arqueolóxicas con 40 actuacións en xacementos arqueolóxicos da Comunidade para contribuír á divulgación e recuperación da historia da Comunidade. “O obxectivo é mellorar a súa conservación, afondar no seu estudo e dar a coñecer este patrimonio á cidadanía”, indicou Calvo, que precisou que o Goberno galego investirá preto de 850.000 euros para tarefas de estudo, mello-

ra, recuperación ou sinalización en diferentes bens. Así informou o Consello da Xunta, que deu conta desta follla de ruta que forma parte da liña de traballo da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ao longo dos últimos anos para poñer en valor, investigar e dar a coñecer entre a sociedade os distintos xacementos históricos que existen en Galicia. “Galicia ten un rico patrimonio cultural no que os bens arqueolóxicos xogan un papel fundamental, destacando polo tanto polo número como pola variedade e calidade des-

tes bens”, destacou o vicepresidente primeiro, “Así, continuarase cos traballos en Cova Eirós”.

En solitario ou en colaboración con institucións académicas e concellos, a Administración levará a cabo tarefas en espazos como circuitos megalíticos, petróglifos, campamentos romanos, mámoas, castros ou pecios, entre outros. Neste senso, tal e como avanzou Calvo, a provincia de Lugo, pola súa banda, “vai ser a provincia con máis intervencións” xa que está previsto executar preto dunha quincena este ano.

A Mancomunidade do Camiño Francés presentou un novo folleto turístico

A alcaldesa e presidenta da Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés presentou un novo folleto turístico do Camiño Francés. Xunto a ela estiveron os diferentes alcaldes e representantes dos once concellos que conforman a mancomunidade.

Durante o acto, o director de Turismo de Galicia destacou o traballo de promoción, conservación e posta en valor que historicamente leva facendo a

Mancomunidade.

FOLLETO. O folleto que se presentou incorpora información de cada concello mediante códigos QR impresos que enlazan coa páxina web da mancomunidade, permitindo unha renovación continua da información sobre aloxamentos, lugares de interese e actividades que se están a desenvolver en cada concello.

Mesas ateigadas para disfrutar do día da Feira e do polbo



Todos os meses hai feira en Triacastela, pero en verán é cando hai máis xente neste tipo de eventos, xa que ademais dos veciños e veciñas do municipio, tamén se achegan turistas e peregrinos que, ao seu paso polo Camiño Francés, deciden pararse a comer un pouco do polbo de Galicia.

Como en toda feira, é imprescindible o polbo, pero tamén as cha-

madas “pulpeiras”, que participan destas iniciativas para que a xente participante da comida popular poida disfrutar dun dos mellores atractivos de Galicia e da provincia de Lugo, o polbo galego.

Na imaxe pódese ver como na última feira as mesas estaban ateigadas de xente con ganas de experimentar a gastronomía que ofrece este municipio lugués.

Triacastela acolleu a visita da Fundación Down de Lugo

Un grupo de homes e mulleres da Fundación Down de Lugo fixeron unha visita a Triacastela na que se achegaron ata a árbore centenaria de Ramil, disfrutaron dun xantar na Praza do Concello, visitaron Quesos López e asistiron a un espectáculo teatral. Ademais, foron ata a Casa Consistorial do Concello, onde foron recibidos pola alcaldesa, Olga Iglesias, e asinaron no Libro de Ouro do municipio. Un dos mozos explicou que quere ser político e que lle gusta o mundo do audiovisual.

As persoas que forman parte da asociación disfrutan organizando actividades e desde a entidade apóiase a que consigan os seus soños, como unha das rapazas que estaba no encontro, que foi a primeira muller con síndrome de Down que conseguiu



ter traballo en Galicia. Outro dos mozos, pola súa parte, sufriu dobre discriminación social pola súa discapacidade e pola súa condición étnica e agora ten un traballo estable e é un exemplo a seguir na asociación. Con respecto a outras dificultades, hai quen tivo que se facer responsable dos coidados dos seus pais, polo que desde o Concello defenden que “as dificultades que atopan no ca-

miño non son obstáculo para seguir perseguindo os seus soños e para manter vivas as súas ilusións. De aí a importancia de darlles visibilidade e axudarlles”.

Así, a entidade local di estar “orgullosa de achegar o seu gran de area para que as persoas con síndrome Down poidan participar de actividades cotiás e habituais na súa contorna social”.

INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

20 ANOS



Un evento interxeracional terá lugar o 19 de agosto en Laiosa

A Sociedade Deportivo Cultural de Laiosa, no Incio, retoma a súa actividade cunha gran actividade o vindeiro 19 de agosto, 'Fontes de palabra. A memoria da auga', un evento festivo, etnográfico, cultural, feminista, participativo, artístico, gastronómico e interxeracional. A xornada comezará ás 11.00 horas no Campo do Carrascal, onde comezará a ruta da sede ás 11.30 horas e que incluíra unha visita á Fonte Busto, á Fonte da Pincheira e á Fonte San Marcos sobre ás 13.00 horas.

Neste espazo, ambientado pola exposición de fotografías antigas de Laiosa, olería e cestaría vinculada ás fontes. fálase da fonte de Sa Marcos, pero co aliciente de que o seu entorno estará ambientado con fotografías, cianotipias e obxectos relacionados coa auga.

Xa ás 14.30 horas haberá un cantar feirante na área recreativa do Veliño no que as persoas participantes contarán con polbo e churrasco.

Despois da comida popular, terá lugar o claro, unha performance a partir das 16.00 horas na que as mulleres de Laiosa e doutros lugares, e preferiblemente maiores de 50, escenificarán un espectáculo vangardista no que se mesturan moitos tipos de elementos e enfoques artísticos de maneira libre.

Desde a Asociación explican que "precisamos veciñas que saiban desta técnica así como de artistas voluntarias e intrépidas, xa que o venres 18 ás 19 horas imos quedar na área recreativa do Veliño para ultimar a posta en escena e facer un pase de ensaio, dirixido por Mari Armesto".

Xa ás 17.00 horas haberá un obradoiro interxeracional de cianotipia, unha das primeiras técnicas de impresión fotográfica, impartido por Beatriz Sánchez Madruga. Tralo taller, farase unha exposición colectiva na Fonte de San Marcos de todas as cianotipias deseñadas.

Ás 18 horas terá lugar a memoria da auga, unha conversa aberta na que se pretende darlle voz aos recordos, á historia de vida das nosas fontes: anécdotas, historias, vivencias, chistes, poemas... É unha exposición compartida de recordos para poñer en valor o patrimonio comunitario. "Máis aló da auga, dos lavadoiros e das fontes, trátase de falar de nós, das aldeas e da vida das nosas devanceiras", explican.

Despois deste coloquio, ás 20 horas terá lugar o 'Rilo & Penadique Lavandeiras', un espectáculo de narración oral, música ao vivo e teatro para dar lugar a unha proposta que lles devolva ás donas dos ríos o recoñecemento que poucas veces tiveron. Pasando de camiño polo folclore, polo humor, polas historias reais e polo cancionero popular, Vero Rilo achega un espectáculo cheo de emoción acompañado por Sonsoles Penadique no apartado musical.

Xa ás 21.00 horas será a quenda da cantiga de 'Adios ríos, adios fontes' de Rosalía de Castro e ás 22.00 horas terá lugar a Cea de Verán da Sociedade Deportivo Cultural de Laiosa no Campo do Val. A cita rematará ás 23.00 horas cunha pachanga de brilé e guateque interxeracional teatralizado e participativo.

Varias familias manifestáronse en defensa do ensino no rural

A ANPA do CEIP Ricardo Gasset vai seguir manifestándose en defensa do ensino de calidade no rural despois de facelo en xullo, fronte á Xunta de Galicia en Lugo, onde protestaron contra o que consideran "o desmantelamento dos colexios rurais".

Así, a través da presidenta da ANPA, Elvira Campo, as familias do Incio recordan que levan moitos anos "loitando por unha educación de calidade para as nosas fillas e fillos no lugar onde vivimos".

En concreto, denuncian que foron informados de que no vindeiro curso escolar, a especialista en pedagogía terapéutica que estivo durante este curso a tempo completo pasará a estar a media xornada e as necesidades van ser maiores que no curso que vén de rematar. Polo que, explican, "non é necesario ser especialista para saber que se as necesidades aumentan e os recursos diminúen, as nosas nenas e nenos non recibirán os apoios que precisan".



PLAN EDUCATIVO. Así, sosteñen que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade "debe garantir a igualdade de oportunidades para todos os nenos e todas as nenas, dotando dos recursos necesarios a todos e cada un dos centros educativos ao seu cargo. E para garantir a igualdade dos dereitos é imprescindible que haxa equidade no reparto dos recursos".

Ademais, están convencidos de que os centros das zonas rurais precisan

un plan educativo específico "que sexa garante desta equidade", argumentan. "Non podemos rexernos polos mesmos parámetros á hora da dotación de recursos que nos centros con un número maior de unidades".

Por todo isto, solicitan á xefatura territorial que reconsidere a súa decisión, e poña en coñecemento do organismo competente "a nosa necesidade de manter o mesmo profesorado que o ano pasado".

Concertos, espectáculos e cine durante o verán

O Incio acolle diferentes actividades para este verán co fin de que disfruten todos os públicos, tanto nenos como adultos e público familiar tras o éxito da festa de verán na que nenos e adultos puideron disfrutar de inchables e as actividades de puddel surf no encoro de Vilasouto.

Así, o goberno local programa sesións de cine os días 14 de agosto e 28 de agosto. No caso do 14 de agosto terá lugar 'Padre no hay más que uno 2' no mesmo lugar á mesma hora. Por último, o 28 de agosto poderase ver a terceira parte desta triloxía de novo no local social de Vila de Mouros, ás 22.00 horas.

OUTRAS ACTIVIDADES. O xoves 17 de agosto os máis pequenos da casa e o público familiar poderán gozar do conto musicado 'O oso caroso' na Praza de España ás 18.00 horas e o martes 22 de agosto a música encherá a Praza de España a partir das 20.00 horas co concerto 'Carta de Ajuste'.

Por último, o venres, 1 de setembro, terá lugar a última actividade programada do verán co 'Circo Chosco: Forzu2' no local social de Vila de Mouros ás 19.00 horas.

O alcalde do Incio, Héctor Corujo, destaca que se trata de actividades nas que poden participar todas as persoas que o desexen.

O 14 e 15 de agosto, O Incio acolle as grandes festas no Val do Mao



Os organizadores das grandes festas en Val do Mao do Incio xa presentaron o cartel oficial, que inclúe dous días de festa con actuación musical, comida e eventos relixiosos.

Así, o día 14 de agosto comezará a xornada ás 21.30 horas cunha pancetada e queimada popular amenizada polo dúo Estrellas, que dará pé a que veciños e visitantes bailen toda a noite.

Xa o día 15 de agosto terá lugar o gran día das festas, con misa ás 13.30 horas seguida de procesión e sesión vermú da man da Charanga Bicoia e, pola tarde, terá lugar a festa dedicada aos pequenos con inchables gratuítos e festa da escuma. Xa á noite, a partir das 21.00 horas terá lugar una paellada popular amenizada co grupo Louband de Sarria.



Talleres TITO

Carpintería metálica
Reparación de Maquinaria Agrícola y Carrocerías
Fabricación de material Ganadero



Polígono Industrial
O Morelle, parcela 26,
puerta A. Sarria
Tel.: 609 171 168





¡Unika les desea una feliz Noite Meiga!

Unika

La tienda de grandes cosas

TEL: 982 831 610
Síguenos: [instagram.com/unika101010](https://www.instagram.com/unika101010)

ESTAMOS EN PLENO CENTRO,
FRENTE AL GADIS • RUA DA LIBERDADE 84

¡CIENTOS DE ARTICULOS EN MODA, CALZADO Y COMPLEMENTOS A 10€, 15€ Y 20€

Unha nova asociación para darlles uso a varias leiras

A Asociación de Propietarios Ribeira de Sucastro-Paradela é unha nova asociación creada por algúns veciños e veciñas de Paradela co fin de recuperar e xestionar conxuntamente as leiras en propiedade dos veciños propietarios destes terreos e participantes da asociación.

Coa colaboración do Concello de Paradela, que promoveu a creación deste novo proxecto no municipio e iniciou os contactos entre os veciños, os propietarios das leiras en desuso mantiveron varias reunións para cumprir coas mínimas esixidas para poder constituír esta asociación de labor conxunto. Roberto, enxeñeiro e parte desta asociación, defende que a asociación serve para ter unha figura xurídica e poder tramitar o proceso mentres están “nesa fase de in-

vestigación e de contacto cos propietarios”. Ademais, sostén que “a iniciativa ten boas perspectivas”. Así, explica que “a finalidade é clara: axudar a recuperar o uso e aproveitamento de terreos que non o tiñan”. Desde a asociación argumentan que hai zonas que foron antigos soutos e montes de ribeiras, ladeiras con bastante pendente no río Loio e “quedou ese terreo en desuso durante moito tempo, máis de 50 anos, sen ningún tipo de actividade; e o feito de agruparse podería permitir recuperar algún tipo de uso destas zonas e facelo de forma colectiva para darlle rendibilidade económica, xa que por si mesmo non se pode”.

OS TERREOS. Desde a asociación, explican que hai 27 propietarios

de terreos integrados na asociación que teñen as súas leiras repartidos en dúas parroquias, San Lourenzo de Suar e San Mamede de Castro.

As 231 parcelas catastrais, que se atopan na ribeira do río Loio, ocupan arredor de 60 hectáreas, aínda que explican que pode variar a extensión na versión definitiva do estudo que están a facer.

Estas leiras son, na súa maioría, de monte arborado autóctono e de natureza forestal, polo que non poderían ser dedicadas á gandería ou á agricultura, senón máis orientados a conseguir froito ou similares.

Así, din ter unha idea previa de que tipo de explotación queren levar a cabo cando poidan acometer os traballos nelas e esta é a produción de castaña, que ademais é un



dos cultivos con máis hectáreas cultivadas en ecolóxico porque son en extensivo e, neste caso, “é sinxelo facelo sen aplicación de sumos e xestionalos con técnicas agroecolóxicas, pero é precipitado porque non sabemos os usos”, explican desde a asociación.

Ademais, argumentan que este tipo de terras requiren “un traballo máis exhaustivo tendo en conta que existen masas de soutos e

castiñeiros”. Aínda así, recoñecen que, a pesar de que todo indica a que poden recuperarse para a produción de castaña, “haberá que velo parcela por parcela”. Por outra banda, é necesario esperar a aprobar a constitución da asociación, ao proxecto de ordenación e a definir os proxectos de actuación en cada unha das zonas para comezar a acometer traballos a medio prazo.

Os nenos do Campamento Bo Camiño recibiron un pequeno agasallo doce

O alcalde acudiu a despedir aos nenos e nenas participantes do Campamento Bo Camiño e entregoulles un pequeno agasallo doce.

Os nenos disfrutaron moito e puideron realizar excursións a un dos parques eólicos e carballeira de Mosteirovello, excursión na que fixeron un pequeno treito do Camiño de Santiago ata o fito que marca 100 quilómetros para chegar a Santiago. Os nenos selaron a súa credencial de peregrino na Cansera.



Ferreiros acollerá a actuación da Banda de Música de Paradela o 27 de agosto

A Banda de Música de Paradela actuará o vindeiro 27 de agosto na parroquia de Ferreiros de Paradela no marco das súas actuacións anuais e de verán.

Así, pasarán polas aldeas de Ferreiros actuando como pasacalles e da man da procesión relixiosa que terá lugar ese día, rematando no campo

da festa da parroquia, onde tocarán dúas pezas máis.

O repertorio de cancións que interpretarán durante esta xornada serán ‘Os tres galeguiños’, ‘No lo olvido’, ‘Banda Galega’, ‘Rolandito’, ‘Martiniika’ e ‘Mozos do Penedo’ nos pasacalles; e ‘Triunfal’ e o ‘Himno galego’ no campo da festa.

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 · Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

O Meigallo

RESTAURANTE
COMIDAS EMPRESA
EVENTOS PRIVADOS

Parque do Chanto S/N

CONCIERTOS
MONÓLOGOS
NOITE MEIGA

web
terrazaomeigallo.com

Reservas
97405088

#terrazaomeigallo

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

o páramo

Avánzase no proxecto de construción do centro de maiores no Concello



Antón Acevedo, director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, reuniuse co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde do Páramo, José Luis López, para tratar o desenvolvemento do proxecto de construción do centro de maiores no concello.

Arias agradeceu “a presenza do Director Xeral de Maiores para analizar as propostas técnicas,

co obxectivo de facer realidade o compromiso avanzado pola conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, na súa última visita ao concello do Páramo”. Así, durante a reunión, púxose sobre a mesa as necesidades de infraestruturas e persoal técnico que faría falta para o proxecto que se desenvolverá grazas á colaboración da entidade local e a autonómica.

O 26 e 27 de agosto son as grandes festas de Vilarmosteiro

A parroquia de Vilarmosteiro, situada no concello do Páramo, celebra as súas grandes festas os vindeiros 26 e 27 de agosto, acollendo diferentes actividades musicais e culturais.

Esta celebración dará comezo o 26 de agosto, sábado, cun campionato de tute que se iniciará ás 16.00 horas e no que poderán participar todas as persoas interesadas, prolongándose ata a noite.

Por outra banda, a xornada do domingo 27 comezará coa misa solemne ás 13.30 horas, que irá seguida da sesión vermú e verbena a cargo do grupo musical Punto Clave, que permanecerá animando á veciñanza durante toda a tarde para que os asistentes poidan bailar e desfrutar da compañía dos veciños.

Este mesmo grupo musical animará a verbena da noite.

O Concello abre unha oficina de información turística

O Concello de Samos vén de abrir a súa oficina de información turística na Capela do Ciprés para todos os turistas, visitantes, peregrinos e interesados en coñecer máis do municipio de Samos á súa chegada a el.

Alí, pódese consultar co técnico de Turismo todo as persoas necesiten saber sobre o Concello: que visitar, onde comer, onde aloxarse, rutas, miradoiros etc...

Ademais, pódese ver as diversas alternativas turísticas que hai no noso Concello escaneando o código QR que atoparás na Oficina de Información Turística ou na porta do Concello.



Desde o goberno local defenden que “é importante para un concello como o de Samos ter unha oficina de turismo aberta polo me-

nos durante o verán para poder promocionar o Camiño e o resto de atractivos turísticos e coñecer por dalos a coñecer”.

Máis de 700 persoas estiveron nas festas do concello de Samos



As festas organizadas polo Concello de Samos que tiveron lugar esta fin de semana foron todo un éxito despois de contabilizar nalgúns momentos máis de 700 persoas, que se achegaron á praza da festa para desfrutar do touciño e a comida popular. Ademais deste acto gastronómico, houbo diferentes actuacións musicais durante o sá-

bado da man da charanga Os Chafalleiros de Monterroso e do grupo Os Parentes. Mentres, o domingo actuou o Coro Sarricana, a banda de música Egs-Ars Nova, o grupo M-3 e a Louband de Sarria.

A alcaldesa de Samos, Chus López, defende que saíu “todo moi ben, a xente tiña ganas de festa e houbo moita participación”.

Os organizadores do campamento do CEIP propoñen unha festa

Os organizadores do campamento de Samos, que forman parte do CEIP Samos, organizan para o vindeiro 28 de agosto unha festa da escuma, ámbolos dous días para os nenos e nenas do campamento. Esta iniciativa, que é unha sorpresa coa que non se contaba cando empezou o campamento, vén de conseguirse tralos esforzos levados a cabo polos promotores do campamento, xunto co actual goberno local.

Así, os nenos e nenas do campamento poderán desfrutar en dous días a finais de ámbolos dous meses de verán, de inchables, festa e moita música, polo que tamén poderán desfrutar as súas familias.

**FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

**REVESTIMIENTOS
FONTAL**

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO,
MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

A XXIII Feira de Produtos Artesanais será o 13 de agosto

Samos acolle o vindeiro domingo 13 de agosto a XXIII Feira de Produtos Artesanais. Unha feira organizada pola Asociación de Comerciantes de Samos, en colaboración co Concello e a Deputación de Lugo.

A feira conmemorará xa a súa vixésima terceira edición e terá un programa similar á anterior, que o colectivo xa ten preparado.

A cita contará con postos de artesanía, estando aberta a todos aqueles que queiran participar, para o que poden contactar coa organización. Ademais, dispoñerá de demostracións en vivo, actuacións de grupos folclóricos e servizo de polbeira.

“A xente que vén a desfrutar da Feira, volve sempre”

José Fernández, organizador da Feira de Artesanía de Samos

Cantos anos leva en activo a asociación?

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos fundouse no ano 1993, coincidindo co ano Xacobeo no que se o Camiño de Santiago foi considerado Patrimonio da Humanidade e no que se empezou a promover o Camiño Francés.

Con que motivación xurdiu?

A iniciativa xurdiu porque eu propuxen no pleno do Concello de Samos, xa que eu daquela era concelleiro polo Partido Popular, facer unha asociación para poñer en valor e dar a coñecer os produtos do Concello. Ademais, era bo ano porque coincidiu co Xacobeo do 1993, polo que no pleno aprobouse por unanimidade poñer o proxecto en marcha, polo que elaboramos os estatutos e logo, que ten unha espiga no medio que significa o principio dunha unidade para seguir ata o infinito.

Como é o traballo dentro da asociación?

Eu, como presidente da asociación, propoñía e propoño iniciativas que adoitan saír adiante, porque á xente gústalle e danme o seu beneplácito. Levo sendo o presidente desde a súa fundación, é dicir, 30 anos. A xente deposita confianza en min e eu asumo totalmente ese labor e trato de facer o mellor posible a función porque o fago con amor, xa que é altruísta e dá traballo. Con respecto ao traballo conxunto, unha das cousas moi importantes que facemos desde a asociación é promocionar a economía local, a artesanía, o turismo cultural (que temos moito e está esquecido), promocionar os

oficios tradicionais... É dicir, todo o que axude a poñer en valor Samos e as súas paisaxes, o seu patrimonio, o mosteiro, a capela do Ciprés, o río...

Cales son as actividades que se realizan anualmente?

Celebramos unha asemblea anual e aí propóñense iniciativas que logo deben aprobarse por unanimidade e traballar todos, conxuntamente, para poder levalas a cabo. Así, o 99 % das cousas que se propoñen, saen adiante. Non só facemos a feira, tamén levamos a cabo viaxes culturais, visitas a monumentos e a museos, concursos de tapas, fomentamos a música tradicional con concertos, poñemos en valor a coral e intentamos recuperar, con moita ilusión, os oficios tradicionais e a cultura tradicional. Con respecto á Feira de Artesanía, eu, en colaboración con todos, organizei 22 edicións.

Como foi a primeira Feira?

A Feira da Artesanía xorde o mesmo ano que se funda a asociación, xa que é a primeira iniciativa que promovemos e saíu adiante con moita aceptación por parte da veciñanza e dos turistas. Así, o 7 de agosto de 1993 celebrouse a primeira Feira de Artesanía na leira da farmacia ao pé do río, na que traballamos os integrantes da asociación e os representantes do Xacobeo no concello. Naquel momento foi Luís Celeiro, xornalista vinculado a Samos, o encargado de levar a cabo o pregón. Ademais, houbo unha misa e unha actuación dunha banda de música. Como novidade, a veciñanza de Samos comeu polbo por primeira vez nunha festa e foi un evento moi con-

corrido. Así, ata a cuarta edición incluída celebrouse nese espazo, pero na 5ª cambiamos á Praza da Festa, que se habilitou para este tipo de eventos.

Desde 2018 non celebraban esta Feira que este ano recuperan, por que?

Desde o 2018 non celebrabamos a festa por falta de colaboración por parte do Concello de Samos. Sen os medios económicos e humanos e técnicos que proporciona o Concello, é complicado. Nunca entendemos por que houbo esa falta de colaboración, se nalguna edición había ata 60 postos de artesanía e comercio, así como a Feira acollía a centos de visitantes, o que era bo para o propio Concello, pero é así.

Este ano recuperan a Feira da Artesanía o 13 de agosto, teñen ganas?

Temos moita ilusión e esperamos que, como en edicións anteriores, poidamos celebrar as tradicións que temos, xa que son 23 anos celebrando esta actividade. Contamos con que veñan centos de persoas, como nas anteriores, que non había nin sitio para estacionar os coches entre peregrinos e turistas. Pero sempre depende do tempo. E hai xente que só vén comer e desfrutar do río e dar un paseo.

Como vai ser a edición XXIII desta feira?

Este ano celebramos os 30 anos de historia da Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos e imos facer un recordo especial.

Porén, o resto vai ser como todas as edicións: haberá demostración de obradoiros in vivo, grupos de música



tradicional, grupos de música folclóricos, o pregón, un tear moi antigo, ferramentas e lareiros de labranza. Ademais, hai 30 artesáns confirmados que traerán os seus obradoiros in vivo, así como postos artesanais e unha polbeira grande para degustar o polbo galego. Unha feira sen polbo é como unha biblioteca sen libros.

Quen vai ser o pregoeiro?

O pregoeiro deste ano ten moito que ver coa fundación da nosa asociación. No ano 1993 foi o Xacobeo e houbo tres persoas imprescindibles na conformación do Camiño Francés, que foron o presidente da Xunta, o cura de Portomarín e Víctor Vázquez Portomeñe. Este último foi o elixido polos integrantes da asociación como o pregoeiro da XXIII edición da Feira da Artesanía e a conmemoración dos 30 anos da presenza da nosa asociación en Samos. Queremos darlle unha homenaxe proclamándoo pregoeiro.

Por que é importante este tipo de iniciativas?

É importante porque trae a xente a Samos para que poidan coñecer as infraestruturas e para divulgar o que temos. Tamén é unha forma de que a xente traia ingresos ao concello e todas as cousas que se fan crean un organigrama de xente. É unha forma de convivir os de aquí e os de fóra nunha paz e tranquilidade compar-

tada. Por outra banda, sería fenomenal que estas iniciativas axudaran a que moitas casas das que están pechadas puideran alugarse para enriquecer ao Concello, porque cantos máis habitantes haxa, máis riqueza crea.

Que tipo de apoios institucionais teñen agora?

As axudas témolas do Concello e da Deputación e para anos sucesivos queremos poder establecer contacto coa Xunta ou con outras entidades. O apoio é imprescindible, porque os recursos económicos e humanos son necesarios. A colaboración con medios económicos e humanos moitas veces non é só a cantidade, senón a vontade. Pero este ano foi rápido e intentaremos facelo o mellor posible e que todo saia como anos anteriores.

Que cousas se poden facer en Samos ademais de vir á Feira?

Animamos á xente a vir e que disfrute das paisaxes, do río Oribio, da gastronomía, dos monumentos: o mosteiro e a Capela do Ciprés; e se queren viaxar temos o Val de Lóuzara e o Castro de Formigueiros. A xente que vén, volve sempre. Todo isto coa hospitalidade das nosas xentes que lle dá un plus a esas iniciativas. A xente é moi agarimosa. Hai moito peregrino que repite por Samos pola calidade das súas xentes.

COMPRA-VENTA DE MADERA
Más de 30 años en el sector

MANUEL DÍAZ DÍAZ
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!
Llámenos sin compromiso.
Trabajamos toda la comarca de Sarria.
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989
Grallas, 13 - O Paramo

CLÍNICA PODOLÓGICA
maitelópezalonso

ESPECIALIZADOS EN
Podología Deportiva, Infantil
(Estudios Biomecánicos y posturales con análisis informatizados de la pisada en la marcha y la carrera)

Quirocirugías y Quiropodias (uña encarnada, helomas, papilomas)
Ortonixia (corrección y reeducación de uñas encarnadas)
Tratamientos con LÁSER de última generación
Tratamiento de múltiples patologías como: verrugas plantares, onicomicosis (hongos) o procesos inflamatorios (tendinitis, fascitis...), cirugía de helomas (callos), uña encarnada, etc.

C/ Rosalía de Castro 3, Entlo A
Puebla de San Julián, Lugo Frente al centro médico
☎ 982 543 978 - 688 901 978
maitelol@yahoo.es

Nº R.S.C. 27-000688
Nº Colegiada: 838270878

COLABORACIONES

Nenos e abuso da tecnoloxía. Dano silencioso

O PUPITRE



Julio Díaz

A tecnoloxía inunda cada vez máis a nosa vida diaria en todos os ámbitos que nos poidamos imaxinar.

Os nenos de antano nacían cun pan baixo o brazo, os nenos de hoxe nacen practicamente cun aparato tecnolóxico nas súas mans. Dende moi novos, familiarízanse cos móbiles, coas tabletas, TV e forman parte do seu hábitat natural.

Somos moitas veces os mesmos adultos os que promovemos o uso

destas tecnoloxías para tranquilizalos e mantelos ocupados para que non molesten. Craso erro facer un uso destas como pacificador emocional dos nosos menos, cando o que debería ser era ensinarlles a controlar as súas emocións, ensinarlles técnicas para calmarse e analizar con eles as posibles resolucións aos conflitos que xorden no día a día.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) establece que os bebés de 0 ata 2 anos non deben ter ningún contacto con dispositivos electrónicos. Os rapaces de 3 a 5 anos deben limitar o seu uso a 1 hora diaria como máximo, mentres que os de 6 a 18 anos a 2 horas por día.

Aprender a falar máis tarde, moita

peor psicomotricidade e un importante aumento na frustración son consecuencias do manexo de pantallas en menores de 3 anos cando o seu cerebro está en pleno desenvolvemento e se ve exposto a multitude de estímulos para os que non están preparados a procesar.

Un estudio realizado con nenos de entre seis meses e dous anos confirmaba que estes están demasiadas horas ao día en contacto con smartphones, tablets, TV, teñen niveis máis baixos en mielina. A mielina é unha substancia que recubre os axóns das neuronas, o que permite que a conectividade neuronal e a súa velocidade sexan as adecuadas. É dicir, se hai diminucións da mielina, o

procesamento cerebral e máis lento. A mellor maneira de estimular un pequeno para o desenvolvemento da linguaxe é a interacción con outros nenos e con adultos.

Ademais de afectar a unha correcta adquisición da linguaxe, o uso das pantallas pode tamén afectar ao corpo emocional. Distintos estudos suxiren que a exposición excesiva contribúe a un aumento de ansiedade, depresión e problemas de sono no nosos menos/as. Tamén ao illamento social e son tamén máis propensos/as ao acoso e ao bullying a través dos medios dixitais.

En termos de saúde física obsérvase unha asociación entre a exposición prolongada ás pantallas cun maior

risco de obesidade infantil. Os nenos "dixitalizados" pasan largas horas fronte a dispositivos electrónicos levando unha vida sedentaria, que limita a súa participación en actividades físicas e aumenta a posibilidade de desenvolver problemas de peso e saúde.

Destacar, para rematar, que dentro das distintas competencias clave que establece a LOMLOE, a "Competencia Dixital" pon en valor que se debe aplicar o uso seguro, saudable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Sálvora

CULTURA



Rebeca Maseda

O mar engaiólanos, exerce sobre nós un efecto feitiçeiro que non podemos controlar. O seu poder de sedución é tal, que poderíamos pasar horas e horas observándoo coa mirada perdida no horizonte. É como entrar nun proceso de hipnose practiceiro, un "deixarse levar". A gran Rosalía de Castro escribiu un poema moi ilustrativo ao respecto:

«Co seu xordo e constante mormorio atráime o oleaxen dese mar bravío,

cal atráí das serenas o cantar...»

Dun xeito parecido, o solpor tamén ten un "non sei que" máxico, ese breve instante no cal non podemos deixar de observar o sol desaparecendo no ceo. Hai uns días estiven polas Rías Baixas, concretamente en San Vicente do Mar (O Grove), e paseando polo sendeiro das "Pedras Negras" tiven a sorte de presenciar un solpor de película! Os turistas armados cos seus teléfonos móbiles, immortalizaban o momento de mil maneiras posibles. Pero a dicir verdade, a imaxe ben valía as moreas de "selfies": o mar en calma, os brazos de rocha negra acariciando a Ría, o sol despedíndose entre cores alaranxadas e a illa de Sálvora presidindo

do tan fermosa cerimonia ao fondo. Nese punto exacto no que o Atlántico dubida de se é parte xa da Ría de Arousa, emerxe o arquipélago de Sálvora, o secreto mellor gardado da costa galega. O lugar no que durante décadas se refuxiaban os que xa non sabían volver á casa -pescadores, hippies, contrabandistas, viaxeiros que daban a volta ao mundo-, e que hoxe forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Apenas tres quilómetros mar dentro, Sálvora é un reino doutro mundo. Só as botellas baleiras e os balóns picados que chegan no verán ata as súas rochas, lémbrennos que, antes de caer o sol, teremos que volver ao resto da nosa vida. Para seguir bai-

lando. Pero aínda queda tempo; é hora de perderse entre as historias do mar de Sálvora. Esta sucesión de illas e farallóns é un paraíso natural incomparable; basta desembarcar na praia do Castelo -un areal branquísimo, un "Caribe frío" gobernado pola estatua da Serea Mariña- para darnos conta de que estamos ante un lugar máxico. Aquí todo é salvable. Os cabalos e cervos, introducidos na illa principal polo marqués de Riviña para gozar das súas cacerías, pastan sen reparar na presenza humana. Quizais porque en Sálvora xa case non hai ninguén... Dende a marcha dos últimos fareiros, narrada en primeira persoa por Julio Vilches, só dúas parellas de vixiantes e gardas

forestais residen na illa a quendas. Máis alá da súa beleza natural, o que converte a Sálvora nun lugar especial son as historias e lendas que a habitan. Foi agocho dos Winston de Batea, sala de concertos para as ondas dos pescadores e tamén, refuxio de navegantes desprevidos aos que o Atlántico obriga a renderse, aínda que sexa só por unhas horas. Aqueles coñecidos no lugar como "náufragos secos".

O que marcou para sempre a historia de Sálvora son as catástrofes marítimas. Concretamente a do Santa Isabel, o vapor-correo que se afundiou en 1921 xunto ás rochas que rodean a illa con máis de 200 persoas a bordo e que a prensa da época bautizou como o "Titanic galego". O buque -cuxa pasaxe de emigrantes que buscaban unha vida mellor en América, procedentes na súa maioría de Bilbao, Santander e A Coruña- bateu contra un dos farallóns traizoeiros preto da illa e foi afundirse xunto ás dúas rochas xemelgas coñecidas como "Pegar" e "A filla de Pegar". Aquele noite na aldea só estaban unhas 25 persoas, case todas mulleres e nenos. Os homes acudiran a Aguiño e Carreira, a terra firme, a celebrar o Aninovo, polo que foron as mulleres do pobo as que tomaron as dornas -embarcacións tradicionais da zona- e lograron rescatar a máis de medio centenar de sobreviventes. Hoxe, catro hórreos bautizados cos nomes das catro heroínas que lideraron o rescate, honran a súa memoria.

Sálvora, fogar de mulleres bravas e sereas cantareiras, fica libre e máxica ata o fin dos tempos.

DEPUTACIÓN

A Deputación proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración cos 52 alcaldes e alcaldesas da provincia que decidiron sumarse ao Impulsa TIC, un novo proxecto da institución provincial a través do que proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas ás entidades locais para avanzar na súa modernización e transformación dixital. Para elo, conta con 4,5 millóns de euros que conseguiu do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que o Goberno central ten en marcha cos fondos que logrou da Unión Europea para facer fronte ós efectos da pandemia e modernizar a economía do país.

En presenza dos responsables municipais que decidiron sumarse ao Impulsa TIC e do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, o presidente explicou que a de Lugo sitúase á cabeza das institucións provinciais de toda España que recibiron máis fondos desta liña de axudas convocada polo Ministerio de Política Territorial, xunto ás de Barcelona, Valencia e Sevilla, "o que dá boa conta do nivel e da calidade da candidatura que presentamos".



Este programa estivo aberto a todos os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes e puxo en valor que participasen, finalmente, preto do 80% dos concellos que podían facelo.

Tomé Roca, quen enmarcou esta iniciativa no seu compromiso de consolidar a cooperación cos concellos neste mandato, subliñou que as administracións gañarán "cercanía, axilidade e transparencia" cos servizos e equipamentos que a Deputación lles facilitará atendendo ás súas necesidades específicas e con criterios obxectivos. Puxo como exemplo a axilización de trámites á cidadanía, como a presentación de documen-

tos por Rexistro, a instalación de sistemas para a gravación dos plenos ou a mellora da accesibilidade das páxinas webs municipais.

Apuntou que "tendo en conta a autonomía municipal, os concellos manifestaron xa cal é a súa situación particular en materia dixital, cal é o seu punto de partida e as súas prioridades, para agora proporcionarlles os recursos máis axeitados a esas necesidades específicas, que distribuiremos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos", destacou Tomé Roca, quen engadiu que desta forma "garantimos unha xestión eficaz e transparente dos fondos europeos que recibimos".

110.000 euros para as asociacións das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe provisional dos 37 beneficiarios da liña de axudas en réxime de concorrència competitiva que convoca a institución provincial por un importe de 110.000€ para entidades sen ánimo de lucro asentadas ou que teñen o seu ámbito de actuación nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e

Becerreá.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que nesta terceira edición do programa de subvencións, "que implantamos no pasado mandato, decidimos potencialo subindo o orzamento nun 30%, ata os 110.000€, polo bo resultado que tivo nestes anos, o que nos permitirá desenvolver máis proxectos de dinamización das Reservas da

Biosfera". Estas axudas teñen por finalidade apoiar proxectos vinculados ao medio ambiente e o rural que poñan en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e forman parte da estratexia que promoven dende a institución provincial para favorecer o coidado das Reservas da Biosfera e, ao mesmo tempo, impulsar o seu desenvolvemento económico.

Constitución do novo Goberno provincial

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou a estrutura do novo Goberno provincial, así como a organización que rexerá o funcionamento orgánico neste mandato 2023-2027. José Tomé Roca anunciou que ademais das funcións propias da Presidencia (dirixir o Goberno e a Administración, representar á Deputación Provincial de Lugo e presidir todas as comisións, sesións, xuntas de goberno ou plenos, entre outras), continuará dirixindo a área de Xestión Territorial, que inclúe as

materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos, dentro do seu "compromiso prioritario" coa mellora da mobilidade e do equilibrio territorial.

A Xunta de Goberno seguirá estando formada por 9 deputados. Ademais de pola súa persoa, integrarán este órgano: Efrén Castro Caloto, Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Miguel Fernández Méndez, Xosé María Arias Fernández, Iván Castro Díaz e Daniel García Fernández.



HOMENAXE. Os gandeiros e gandeiras da provincia que cesaron a súa actividade o ano pasado por xubilación foron homenaxeados nun acto organizado pola Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Rubia Galega, Acrua.

Peluquería Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo 27600 Sarria (LUGO) 626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA

GESTEGA

OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL

GESTIÓN CINEGÉTICA - PROYECTOS AGRÍCOLAS
PROYECTOS FORESTALES - TOPOGRAFÍA
GESTIÓN CATASTRAL - REPOBLACIONES FORESTALES
ORDENACIÓN DE MONTES

Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)
Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475

DEPORTES

SD O Páramo prepara a nova tempada de 2023/2024

SD O Páramo prepara a nova tempada de 2023/2024 despois de dala por terminada en xuño celebrando unha comida conxunta nas Feiras de Primavera, na que puxeron en valor o traballo do equipo a pesar de ser "unha tempada con moitas dificultades". Así, deron grazas a colaboradores e patrocinadores polo apoio durante a tempada e tamén a afección.

A partir deste momento, foron anunciando as renovacións do cadro de xogadores que formarán parte do equipo nesta tempada. Así, os nomes dos xogadores desta nova tempada son o de Jony Lombardía, Borjita, o capitán Hugo Fontal, o defensa Miguel Ares, Juan López, Joni Lopes, Hugo Gallego, Bruno López Amil "Bolo", Anton Domínguez, Édgar Vázquez, o porteiro Marquitos, José López, Dani López, Javi López.

Val de Lán cara promove un curso de piragüismo

A Asociación Cultural Val de Lán cara, da man do Concello, promove un curso de piragüismo que terá lugar entre o 16 e o 31 de agosto. Este curso está orientado a nenos e nenas desde 3 anos pero tamén para adultos e, segundo a cantida-

de de persoas que se apunten á actividade, haberá máis ou menos horas de curso polas tardes. A área recreativa Manuel Fernández Arrojo do río Neira será o escenario elixido para desenvolver estas clases de piragüismo.

Os Meigallos foron campións do Torneo de Fútbol Sala Oural

Tivo lugar o torneo de fútbol sala Oural 2023, no que podían apuntarse ata 16 equipos participantes para enfrontarse en diversos partidos repartidos entre o venres 14 e o domingo 16.

Así, dos participantes, entre os que se atopaban tamén os xogadores do Samos FS, os gañadores absolutos foron os xogadores do equipo Os Meigallos de Sarria, os

subcampións foron os de Luislita, os terceiros clasificados foron Alumisar e os cuartos, Pádel Sarria.

Ademais, tamén houbo premios para os mellores porteiros, que foron para Saúl, de Meigallos, e Juan, de Alumisar; e un premio especial ao mellor xogador, elixido entre todos os participantes, que foi Bryan, de Pádel Sarria.

Oito novos xogadores para a nova tempada do equipo da SD Sarriana

O equipo da S.D. Sarriana prepárase para a nova tempada, na que haberá varias novas incorporacións que substituirán a parte do cadro de xogadores desde equipo de fútbol de Sarria que acadou este ano o ascenso a 3ª RFEF.

En primeiro lugar, anunciaron os xogadores que xa non formarán parte do equipo nesta nova tempada 2023/2024 e estes son Óscar Rivas, Omar, Julio Camba, Marino, David Echevarri, Javi Pita, Agustín, Diego Ferreiro e Hamza. A todos eles quixéronlles dar as grazas desde a entidade polo seu esforzo e traballo.

Por outra banda, comunicaron tamén os xogadores que renovan no equipo, que son Pedro López, defensa central; Javi Liz, porteiro; Edgar Redondo, defensa central; Jacobo Vilariño, mediocentro; Arona Sané, extremo; Ruchi, defensa central; Keko Vilariño, mediocentro; Álvaro Herreo, extremo; Adri Díaz, mediocentro; Brais Prieto, mediocentro; Diego Rey, extremo; e Pablo Rey, lateral.

EQUIPO TÉCNICO. En canto ao equipo técnico, Pedro Castro será o coordinador de fútbol-8 da SD Sarriana esta vindeira tempada 23/24, compatibilizando estes labores cos de adestrador do equipo infantil.

Pola súa parte, Raúl Fernández será o coordinador de fútbol base (11) da SD Sarriana esta vindeira tempada 23/24 e farao á vez que adestra o equipo xuvenil. Xa Héctor Sánchez terá a responsabilidade



de de levar a tonificación e capacitación da canteira da SD Sarriana mentres que adestra o equipo cadete.

Por outra parte, Dani Pérez será o segundo adestrador do primeiro equipo, que conta con experiencia adestrando porteiros no CD Lemos, Viveiro CF e CD Lugo Base. En canto a novo persoal no equipo técnico, Pablo Pereiro será o fisioterapeuta para esta temporada e Pablo Expósito será, de novo, o responsable da preparación física do fútbol base da SD Sarriana esta vindeira tempada 23/24.

Con respecto ao tema sanitario, o doutor Adrián Gallego Goyanes será o xefe dos servizos médicos da SD Sarriana, xa que conta cunha extensa formación académica e experiencia nos equipos CD Lugo, SD Compostela, Santiago Futsal e Burela Pescados Rubén.

NOVAS FICHAXES. O máis novo da nova tempada son as fichaxes que se están levando a

cabo por parte do equipo, que quere mellorar o seu cadro de xogadores con profesionais do fútbol.

Así, Iñaki Fernández, de 24 anos e de Lugo, será un dos laterais dereitos do equipo, e que vén do U.M. Escobedo. Tamén fichan outro lateral dereito, Tomás Susavila, de 21 anos, da Arxentina e que vén do C.D. Becerril.

Por outra banda, ficharon tres mediocentros, David López, de 21 anos e de Vilalba, que vén de Galicia de Mugardos; Aldán Naval, de 22 anos, de Viveiro e que vén do C.S.D. Arzúa; e Jared Santana, de 19 anos, de Gran Canaria, 19 anos e que vén do Hércules C.F.

Pero tamén haberá novos extremos da man de Tijan Sohna, de 21 anos e de Barcelona, que vén do C.D. As Pontes; e Álex Boedo, de 24 anos e de Carballo, que vén do Bergantiños C.F. Por último, ficharon un dianteiro, Fernando Cuadrado, de 29 anos e de Lugo, que vén do R.C. Vilalbés.

ARQUITECTO TÉCNICO

OT.A OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
CERTIFICACIONES / INFORMES
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

maderasgrandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

O Incio CF xogará o seu primeiro partido amistoso contra o Ferreira CF en Pantón

O vindeiro 13 de agosto terá lugar o primeiro partido amistoso que xogará O Incio CF contra o Ferreira CF no campo do Baliño e ás 18.00 horas.

Con este enfrontamento contra o equipo de fútbol de Pantón no seu campo, dará comezo a pretempada deportiva para o equipo da comarca sarriá, que contará, un ano máis con Julio Corral como adestrador do equipo.

Despois da tempada pasada, na que O Incio CF conseguiu o ascenso a Segunda Autonómica, este ano prepáranse con forza para seguir acadando éxitos.

O VII Slalom de Sarria contará con medio cento de pilotos

A escudería Mixrallyesports organiza o VII Slalom Concello de Sarria o sábado, 12 de agosto, que será puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom 2023 da Federación Galega de Automobilismo.

A proba, na que participarán arredor de 50 pilotos, foi presentada en Sarria coa presenza do alcalde de Sarria, Claudio Garrido Martínez, e do concelleiro de Deportes, Félix Seijas, así como de Marcos Díaz e Rubén López, en representación da organización.

O circuíto estará localizado na contorna do Campo da Feira, que terá o acceso cortado desde a rúa Conde de Lemos, e o parque de traballo situarase a carón do Parque de Bombeiros.



HORARIOS. O evento comezará ás 9.00 horas, coas verificacións administrativas e técnicas dos vehículos ata as 10.30 horas e, logo, ás 11.00 horas, publicárase a lista de vehículos autorizados a tomar a saída.

Xa ás 12.00 horas terá lugar a primeira manga de adestramentos e ás 16.30 horas a segunda manga, que darán lugar a dúas mangas de competición oficial. Así, os premios aos gañadores entregaranse ás 21.15 horas.

O DHU Vila de Sarria foi todo un éxito

As rúas da vila de Sarria acolleron a décima edición do Descenso Urbano DHU Vila de Sarria, que reuniu a 265 participantes entre maiores e nenos. Organizado polo DHG Team, esta edición especial cumpre 10 anos, polo que a organización puxo todo o empeño traballando durante meses para que esta cita abarcara o maior público posible, integrando a gastronomía local e a cultura a un evento que goza de recoñecementos como mellor evento deportivo de Galicia.

O groso do descenso, o DHU Vila de Sarria de adultos do domingo, foi o máis espectacular de tódalas edicións no que deportistas profesionais como Edgar Carballo, Toni Ferreiro, Marco Veiga, Eva Castro ou o portugués José Borges pelexaron na xornada do domingo por intentar ser os máis rápidos en descender por o espectacular circuíto que percorre o pobo da Vila de Sarria dende O Campo da Feira ata a Illa do Malecón.

Así, conseguíuno o portugués, José Borges, quen foi o campión absoluto cun tempo de 1.32.559; mentres que Toni Ferreiro quedou segundo cun tempo de 1.32.559, Marco Veiga terceiro, cun tempo de 1.32.566; e Edgar Carballo, cun tempo de 1.32.590.

Pola súa parte, Alba Arias, de Arteixo foi a muller máis rápida da proba, cun tempo de 1.49.246.

Por último, o Mini DHU Vila de Sarria tamén deixou momentos memorables nos que os máis pequenos participaron dun circuíto especial para eles, percorrendo as rúas da vila de Sarria dando todo de si e mostrando o potencial do ciclismo en Sarria e da man do equipo DHG Team.

Máis de 60 nenos participan do Verán Básquet do CB Sarria



Xa está en marcha o Verán Básquet que organiza o club CB Sarria no que están a participar máis de 60 nenos e nenas da comarca de Sarria nados entre o 2005 e o 2018, é dicir, de entre 5 e 18 anos.

Este campamento, que se prolongará ata o 13 de agosto, é dicir, catro semanas de adestramentos, ten como finalidade promover o deporte entre os máis novos durante os meses de descanso escolar, mentres que contiñan aprendendo as regras e movementos básicos do baloncesto.

Así, estas actividades estanse a desenvolver durante tres días á semana, luns, martes e xoves en horario de mañá para permitir, ademais, a conciliación das familias de Sarria.

Porén, este campamento parará entre o 15 e o 23 deste mes porque nese espazo de tempo terá lugar o Campus Baloncesto no Camiño, que este ano celebra o seu XV aniversario e acollerá rapaces e rapazas de entre 8 e 17 anos, que poderán aprender baloncesto e inglés, xa que haberá adestramentos bilingües.

STIHL

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33. Sarria. Telf. 982 532 202

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

O CB Sarria non contará con equipo infantil feminino

O CB Sarria informa de que esta temporada non contará con equipo infantil feminino e aseguran que terán que “reformular as relacións con outras entidades, que actúan como depredadoras de clubs”, pero que esta situación “non nos vai parar”.

Así, defenden que o club de baloncesto sarriao non é un club de “elite”, senón que para eles, as amizades son máis importantes que o éxito deportivo, “sen baixar a calidade na formación deportiva”. E sosteñen que “se alguén non o ten claro, é posible que se confunda ao elixirnos”.

Por outra banda, sosteñen que o enfoque do club CB Sarria é colectivo, no que os nenos e nenas que se inician no club “collerán o facho e serán xogadores, adestradores, socios, directivos, afeccionados... pero todos deixan o mellor de si mesmos, con acertos e erros, ata lograr a canteira do CB Sarria de hoxe, con 238 xogadores e con 7 equipos femininos e 7 masculinos competindo en ligas federadas”.

Valores do club

Desde o club sosteñen que, durante os seus anos de historia, “houbo

tempos mellores e peores”, pero que sempre se intentou “fomentar o baloncesto como unha actividade lúdica e formativa, deixando claro que a actuación do individuo se integra na do equipo e promovendo a solidariedade”.

Ademais, lembran que o club foi fundado cando case ninguén xogaba ao baloncesto en Sarria, cun equipo sénior masculino e un xuvenil, que conseguiron que o CB Sarria arraigase na sociedade sarriá.

Hoxe, din, o CB Sarria “é unha escola deportiva de baloncesto para que as nenas e nenos da comarca de Sarria teñan acceso á práctica deste deporte e que dota dos fundamentos de técnica individual aos xogadores, pero tamén dos valores propios do deporte colectivo: sacrificio, disciplina e solidariedade”, defenden.

Por último, din que o club “representa ao pobo no que vivimos, Sarria, por iso leva o nome e a imaxe da vila, e o valor que queremos transmitir aos xogadores é o de pertenza ao colectivo, á veciñanza, composta por xente que nos axuda e á que defendemos en calquera ámbito”, sentenciaron.

Vazquez Autos

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

pelayo
Agente Exclusivo

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo) • Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Mosteiro de San Xulián de Samos

Durante varios séculos chamouse Mosteiro de Sámanos e co paso do tempo, quedou reducido ao actual nome

O mosteiro de San Xulián ou San Xián de Samos é unha construción arquitectónica construída ao longo de distintas épocas, formado por elementos románicos, góticos, renacentistas e barrocos; que se atopa na nun val frondoso na propia capitalidade da vila de Samos.

A tamén chamada Abadía Beneditina de Samos é un dos tres mosteiros que aínda están habitados por monxes en Galicia e foi fundado por San Martiño de Dumio no século VI, na etapa visigótica e a súa historia está ligada ao refuxio de Alfonso II o Casto antes de ser coroado rei de Galicia no ano 759 e aos grandes centros monásticos de Toledo.

Este complexo monástico, que sufriu un incendio en 1951, conta coa denominación de Ben de Interese Cultural (BIC) e contén dous claustros, o claustro do Pai Feijoo e o claustro das Nereidas e sete estancias xunto ao claustro do Pai Feijoo.

Claustros

O primeiro, o claustro do Pai Feijoo, data de finais do século XVII e principios do XVIII e é considerado un dos máis grandes do estado español entre os da súa clase por contar con 54 metros de lado. Ademais, o seu estilo é unha mostra do paso do renacemento ao barroco.

No centro conserva unha estatua do monxe que viviu neste mosteiro, o Pai Benito Jerónimo Feijoo, feita polo escultor Francisco Asorey. O material da escultura é de tres clases de granito de distintas cores e nos días de choiva a cor da vestimenta do Pai Feijoo resalta especialmente.

Este claustro está formado por tres pisos: o inferior mostra as galerías

abertas ao patio con arcos de medio punto onde se apoian as pilastras dóricas; no segundo piso obsérvanse xanelas sinxelas e no último piso apréciase a súa balaustrada e grupos de vans de arcos rebaixados sostidos por columnas de tipo iónico.

Ademais, no primeiro piso do claustro do Pai Feijoo pódense apreciar pinturas murais dos pintores Celia Rodríguez Cortés, Joan Parés, José Luis Rodríguez e Enrique Navarro.

Con respecto ao segundo claustro, coñecido como das Nereidas, data do século XVI e é máis pequeno. Foi realizado polo arquitecto monfortino Pedro Rodríguez e é de estilo gótico tardío, presidido no centro por unha fonte barroca, chamada das Nereidas, realizada polo Pai Juan Vázquez. A copa é sostida por catro esculturas que representan a este ser mitolóxico.

Este claustro foi construído sobre as ruínas dun claustro anterior de estilo románico que resultou destruído por un incendio. As bóvedas son de cruceiro estrelado con claves decoradas con diversos motivos. Os tramos desiguais da segunda planta están iluminados por montantes ovalados por encima das xanelas e por encima está a cornixa da que sae a terceira planta na que se aprecian ventás con arco rebaixado. O piso terceiro construíuse no século XVIII.

Ao redor deste claustro, que está cuberto con bóveda de cruceiro e aínda conserva unha portada románica, viraba a vida da abadía, polo que ao patio ábrense as estancias da cociña, o refectorio e a biblioteca.

A portada románica do mosteiro atópase neste claustro, o das Nereidas, e data do século XII. Esta antiga entrada á igrexa dispón de dous ar-

cos de medios puntos concéntricos, suxeitos por dous pares de columnas enmarcando a porta e o tímpano, que é semicircular e está adornado cunha cruz procesional de baixo relevo.

FACHADA. O mosteiro dispón dunha fachada barroca do século XVIII que lembra á escalinata da fachada do Obradoiro de Santiago. Debido á súa horizontalidade, dá a impresión de estar incompleta ao non ter torres nin coroamento ou ático central.

No corpo inferior da fachada, atópase a porta de entrada centrada entre catro columnas dóricas sobre os seus pedestais e sobre a porta está a figura de San Benito, obra do escultor Ferreiro, nun nicho de estilo barroco. Ademais, conta con pilastras laterais do primeiro corpo, dous a cada lado e unha xanela rectangular cun enmarcado ollo de boi no seu parte superior. Tamén ten un rosetón flanqueado por dúas columnas, e dous nichos coas imaxes de San Julián e Santa Basilisa. Nas rúa laterais do segundo corpo destacan a balaustrada sobre a cornixa e o campanario de estrutura cadrada e arco de medio punto.

Desde a fachada, accédese á porta por unha escaleira señorial do século XVIII inspirada na do Obradoiro de Santiago de Compostela de estilo neogótico e labrada en pedra que comunica as dúas plantas superiores. Realizouse co fin de substituír á antiga que, despois do incendio de 1951, quedara moi deteriorada. Foi deseñada por D. Juan Monleón, monxe da comunidade. Aos pés da escaleira áchase un busto do Pai Rosendo Salvado, obra de Francisco Asorey.



MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

MADEIRA

Funerarias
Tanatorios
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es